

sociedade

As redes sociais reclaman a Enrique Rozas como próximo alcalde para a cidade. **Pax. 6**

entrevista

Núñez Torrón, presidente da Peña Anda, fala da historia deste colectivo lugués. **Pax. 8**

zona rural

O GDR4 coordina un proxecto europeo para o desenvolvemento rural. **Pax. 14**

infraestruturas

Adega paraliza a obra da esquina de San Roque polo impacto sobre o Patrimonio. **Pax. 19**

deportes

Falamos con Jacobo Gómez, presidente do ADC Sagrado Corazón de Lugo. **Pax. 29**

Lentitude urbanística

A veciñanza e o empesariado mostra un descontento xeneralizado polos tempos que se manexan nas tramitacións das licenzas



12 millóns para o Museo da Romanización

O cuartel xa conta cun proxecto de rehabilitación que será actualizado en canto ao orzamento. **Pax. 16**

En marcha a segunda edición de Actívate

Volven as actividades de turismo deportivo da Deputación por toda a provincia. **Pax. 26**

As Letras de Florencio Delgado

O autor homenaxeado no Día das Letras Galegas é un reflexo da cultura galega no século XX. **Pax. 27**

Música do Corpus



Presentan o programa que todos os anos se desenvolve na cidade. **Pax. 10**

Actividades no Mercado



A Praza de Abastos contará con actividades infantís. **Pax. 12**

Volve FaCela Fest en maio



Terá lugar entre o 12 e o 14 en distintas zonas da cidade. **12**

VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: 982 228 606

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados | veiguela abogados

A FONDO

Que sucede coas licenzas urbanísticas?

Son moitas as queixas de particulares e empresarios pola lentitude na tramitación dos permisos de obras por parte de Urbanismo

A área de Urbanismo do Concello lucense está a recibir multitude de queixas de empresarios, veciños e os demais grupos políticos da cidade. Este descontento xeneralizado ven dado pola lentitude coa que se realiza a tramitación das licenzas urbanísticas. Isto supón unha paralización para a cidade, que atopa de forma continua e constante obstáculos para a instalación de novos proxectos empresariais, reformas que traen consigo melloras na calidade de vida dos veciños, etc.

A concesión de licenzas ten como resultado unha economía en movemento, que atrae novas inversións na cidade outorgando maiores servizos con novas instalacións de actividades comerciais, novos postos de traballo, maior fixación de poboación na zona, maior oferta nos servizos, etc.

Cando un cidadán solicita unha licenza, faino cun fin concreto que supón unha ganancia, pode ser a habilitación dun ascensor nunha vivenda, a reforma dun espazo ou a construción dun novo. Polo que a tardanza afecta de maneira persoal, económica e laboral a diferentes eidos da sociedade lucense.

A concesión de licenzas na actualidade está a supoñer dous problemas principais ás persoas afectadas, xa sexan empresarios ou particulares. Os prexudicados afrontan un primeiro obstáculo no momento de solicitar a licenza de obra, que arrastra tempos prolongados de espera, carrexando outro tipo de desafíos como a solicitude de préstamos, que se teñen que prorrogar ata materia-



lizar a licenza, provocando grandes problemas de financiamento. Unha vez superados estes obstáculos, chega o segundo reto, cando finaliza a obra, hai que pedir a licenza de primeira ocupación, o que se materializa en varios meses de espera máis, paralizando proxectos e a economía. Actualmente, en zonas urbanas o tempo medio de espera achégase aos dous anos, mentres que eses prazos en zonas rurais vense incrementados.

Foi por iso que en maio de 2021, os populares solicitaron un informe ao goberno que esclarecera os tempos nos que se están tramitando as licenzas e poder coñecer o estado real deste servizo. Naquel momento os do PP defenderon que “non se pode pedir unha po-

lítica útil á oposición cando unha das primeiras decisións que toma é negarnos o acceso á información”. O vicevoceiro popular Antonio Ameijide facía esta reflexión logo de que “o responsable de urbanismo se negase a facilitar os datos sobre o número de licenzas de obra sen resolver”. A petición que se cursou por escrito o pasado día 22 de abril do 2021 respondeu-se o venres 29 de abril seguinte e, nela, indicábase que a información solicitada “non se obtén automaticamente” polo que “non procede acceder ao solicitado”.

Os populares consideraron naquel momento que “esta resposta escurridiza vén motivada porque algo teñen que ocultar”. Por este motivo o vicevoceiro popular solicitou “ao

interventor que en aras á transparencia, medie para que os socialistas recapite e permita o acceso á información”.

Para os populares esta negativa a aportar documentación das licenzas de obra pendentes de resolver so podía significar dúas cousas: “A primeira que ocultan a información porque son un despropósito todos os expedientes atascados que hai en urbanismo, e en segundo lugar, que non lles interesa achegar os datos porque queren seguir practicando a política do armario onde se poderían mover de forma arbitraria”.

ORDENANZA. Tras este rogo, o Concello impulsou unha nova ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas que debería estar en funcionamen-

to a finais do ano 2021, e que polo momento, aínda non se puxo en marcha.

A área de Sostibilidade Urbana anunciou entón a elaboración dunha Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas. Un documento que pretende ser o marco normativo de referencia, para Administración e administrados, harmonizando e unificando os criterios que rexerán a tramitación dos títulos habilitantes de obra e actividade no Concello de Lugo.

Até a data, os diferentes servizos que integran a área están a basear as decisións técnicas que se adoptan en leis de rango superior sen que, na actualidade, exista unha regulación integral que dea cobertura á necesidade de homoxeneizalas, concertándoas ademais coa ordenación urbanística e sectorial e coa casuística local. A creación deste documento propiciaría a axilización dos procedementos, mellorando o funcionamento municipal e diminuíndo os tempos de resposta ás solicitudes das persoas interesadas.

Ademais, a entrada en vigor da nova ordenanza amparará as licencias urbanísticas de primeira ocupación, de segregación, cambios de titularidade da actividade, comunicacións previas de obras e declaracións responsables de actividades.

Despois deste anuncio en maio de 2021, en novembro dese mesmo ano realizáronse cambios na tramitación das mesmas para axilizar o proceso. Desta forma en canto se recibe no servizo de Licenzas unha solicitude, este solicitará a

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Arquitectura e a adxunta da xefatura de enxeñaría que emita os seus informes, podendo redactarse de maneira simultánea e independente. Esta independencia manterase tamén cando Arquitectura e Enxeñaría precisen doutros documentos doutras seccións como topografía. Estes informes deberán estar listos en 10 días como máximo e, tras este tempo, poderán seguir coas súas intervencións. A excepción será os dictámenes que emitan Arquitectura e Enxeñaría, e da proposta de resolución de Licenzas, nos tres casos serán preceptivos.

Aqueles casos nos que un informe non sexa preceptivo, o servizo que o solicitou deberá deixar constancia do mesmo podendo incorporar un informe cláusulas propio que impida a denegación.

Outra das cuestións que se rexerán dende o urbanismo lucense e que permitirá simplificar os trámites burocráticos, cando os informes de Arquitectura e Enxeñaría estean listos e sexa preciso resolver deficiencias, enviarase un só requirimento por escrito á persoa afectada ou promotor. Eles terán un mes para presentar de novo a documentación, no caso de que nese mes non estea xustificando, o procedemento caducará no prazo de tres meses. Se esa rectificación se fai de maneira insuficiente a licenza será denegada, finalizando así as demoras prolongadas que impiden concluír os expedientes de maneira definitiva o que prolonga o tempo medio de tramitación de licenzas.

Esta nova instrución implantouse para reducir os tempos dos procedementos, permitindo ás tres áreas traballar de maneira simultánea.

Malia a implantación deste nova forma de tramitar as licenzas, en marzo do presente ano, o PP fixo público de novo os datos actualizados das licenzas. Onde estaban pendentes de resolver 206 licenzas en diferentes fases de tramitación (correspondéndose 2 ao ano 2019, 35 ao ano 2020, 116 ao 2021 e 53 ao 2022).

Este bloqueo de licencias frea as



contratacións directas relacionadas con gremios vinculados ao sector da construción (electricistas, pintores, escaiolistas); en segundo lugar, afecta ás empresas e negocios vinculados coa equipación (tendas electrónica, mobiliario...). O terceiro lastre é o que repercute sobre o emprego indirecto xa que dentro dos expedientes pendentes de resolución hai casos de ampliación de empresas, novos negocios, ampliacións de naves...

PARTIDO POPULAR. Os populares recriminaron “a soberbia do equipo de Lara” con respecto á nova ordenanza para as licenzas que elabora o goberno local. “Solicitamos por escrito unha copia e a súa contestación é que “manifesta extemporaneidade do solicitado”. Dende o grupo maioritario da corporación non comprenden os motivos polos que se negan a tender pontes xa que “se queren un respaldo maioritario a unha ordenanza o lóxico é falalo antes de que a presenten”. “Está claro que o seu ego lles impide sentarse a negociar e iso vailles pasar factura” manifestou Ameijide. “Co doado que sería sentarse nunha mesa e chegar a consensos en beneficio dos veciños

e veciñas de Lugo”.

Así, a principios do mes de abril, o Concello fixo un balance das licenzas tramitadas no longo deste tempo afirmando que dun total de 889 solicitudes de obra maior realizadas ata a data, se encontran en diferentes fases de tramitación, pendentes de resolver, 215 expedientes (o 24'18%), mentres que as 674 restantes xa están finalizadas. Deses 215 expedientes que se están a tramitar pero que aínda non finalizaron, correspóndense 2 deles ao ano 2019, 33 ao ano 2020, 111 ao 2021 e 69 ao 2022.

No 2021 resolvéronse o 98'28% das comunicacións urbanísticas, o 95'28% das comunicacións de obra con actividade e o 84'26% dos cambios de título con actividade solicitados.

O Partido Popular non é o único grupo que presenta a súa desconfianza e descontento ante esta situación xa que a APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Lugo) mostra a súa preocupación ante esta lentitude que pode chegar a supoñer a perda de subvencións á rehabilitación ao non poder cumprir cos prazos establecidos.



Ao preguntarlles en que afecta esta situación a APEC, responde “afecta a cuestións tan fundamentais como o financiamento, porque este non é posible sin a licenza. Ademais, tamén implica un trastorno notorio descoñecer en que momento se obterá a licenza o feito de que toda obra precisa subcontratar a execución de elementos tales como a fontanería ou a electricidade e non é posible determinar en que momento vai ser posible requirir os servizos dos subcontratistas” continúan. “O mesmo ocorre cos materiais. É imposible establecer unha planificación ordenada da actividade porque se descoñece en que momento se obterá a autorización. Isto xera, ademais, unha desconfianza por parte do promotor da obra fronte ao construtor, porque é difícil de explicar que unha licenza poida tardar tanto tempo”. Este non é o único problema xa que polo que se refire as licencias de primeira utilización, que son as que autorizan o edificio unha vez está terminada a obra, “o prexuízo é moi notable porque non se poden escriturar as vendas e, mentres tanto, corren os intereses do crédito do promotor, ademais, do evidente prexuízo ao comprador, que terá que

seguir afrontando os gastos derivados da falta de dispoñibilidade da vivenda adquirida. Alquileres, por exemplo”.

A agrupación afirma ao preguntarlles pola devandita reorganización do traballo levada a cabo no mes de novembro de 2021 que “non se aprecian os resultados”. Así a maior problemática radica na incerteza, “un empresario necesita obter a súa licenza nun prazo razoable, a ley marca tres meses. O certo é que se houberse unha maior axilidade, as empresas poderían planificar mellor a súa actividade e isto implicaría a posibilidade de incrementar a carga de traballo e contratar traballadores”.

Algunhas solucións levadas a cabo polos profesionais do sector, é a recomendación aos interesados en realizar algún novo proxecto, facelo en concellos achegados a Lugo que teñen mellores tempos de tramitación como son Begonte, Friol ou Guntín no que a obtención de licenza é de menos dun mes. Isto non sería necesario se o tempo na tramitación de licenzas en Lugo fose o adecuado, perdendo así oportunidades de negocio, mellora e fixación de poboación.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



clínica **TEST** dental

Presentados os seis proxectos que visitan Lugo co programa Atopémonos Bailando



O tenente alcalde, Rubén Arroxo, presentou xunto con integrantes do Colectivo Glovo e Jacobo Sutil, presidente da AGADIC os resultados do proceso selectivo de residencias artísticas e de investigación, que baixo o nome Atopémonos Bailando permitirá ás profesionais de danza e artes do movemento realizar as súas investigacións en Lugo entre os meses de maio e novembro.

En total, presentáronse 93 proxectos, 11 chegados de Portugal, 32 de Galicia e 50 do resto do estado. Os 6 proxectos escollidos realizarán as súas estadias en Lugo e realizarán unha actividade aberta.

Os proxectos escollidos son o de Sofía Kafol de Portugal, Paula Quintas de Galicia, Lucía Marote de Madrid, Sabela Mendoza de Galicia, Alba González Herrera de Madrid e Sonsoles Cordón de Galicia.

“Con Atopémonos Bailando des-

de a área de Cultura do Concello de Lugo consolidamos o noso apoio ao sector da danza facendo fincapé con este proxecto na primeira fase de investigación e creación de espectáculos, xunto cos outros proxectos da cidade como poden ser o Festival Cartografía en Movemento e o Ciclo LED Lugo En Danza”, declarou Arroxo.

O proxecto Atopémonos Bailando ten como obxectivos impulsar e apoiar a creación e investigación en danza e artes do movemento de compañías de ámbito galego, estatal e internacional creando un espazo para a realización de residencias de creación e investigación, con especial atención ás creadoras de Galiza, e difundir e achegar os procesos de creación en danza contemporánea á veciñanza a través dunha programación de calidade, diversa, innovadora, internacional e gratuíta.

Lugo Monumental presenta un plan de actividades para o centro

Lugo Monumental prepara unha serie de actividades que encherán de vida e dinamizarán as rúas da cidade a través de propostas diversas para todas as idades e gustos. Acordouse trala asamblea na que se modificou a directiva despois do falecemento de José Romay Piñeiro.

Os locais interesados volverán a recuperar os concertos nas rúas do centro histórico axudando a dinamizar a hostalería.

Trla celebración do Secal, terá lugar a fogata de San Xoán o 23 de xuño. Tentarase, un ano máis, lograr o permiso para realizar unha fogueira no centro histórico. No caso de que non se permita acender un lume, propoñerase unha fogueira virtual proxectando as chamas nalgún lugar significativo do centro histórico, completando a festa con música en directo.

O Milagre de San Vicente será o 29 de xullo. Grazas ao compromiso da empresa Viliga, que un ano máis achegará o viño, mantense a data e a forma de proceder de edicións anteriores. Tamén se fará entrega neste acto dos premios da Asociación.

A Feira do sector lácteo será o 17-18 ou 24-25 de Setembro. Trátase de organizar un evento en apoio do sector lácteo, reivindicando a súa importancia para a cidade de Lugo e o orgullo de sector primario da provincia. Convidarase a produtores e tamén a empresa que elaboren produtos derivados (queixos, xeados...) para participar. Tamén se contactará coa aula de Produtos



NOVA DIRECTIVA. A directiva queda con Luis Latorre Real como presidente, Susana Barro Parga como secretaria, Diego Rodríguez Rodríguez é o tesorero, Alberto López García, Antonia M. Iglesias Martínez, Andrea Martínez Riveiro, Ana Cela Díaz, Ana María Lozano Burgo e Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez como vogais.

Lácteos e outras entidades relacionadas co sector.

Do 7 ao 9 de outubro será o Salón de vodas. A proposta de empresas do sector, realizarase un evento deste tipo con empresa lucenses.

O Samaín será o 31 de Outubro. Dado o enorme éxito desta iniciativa en anos anteriores (o ano 2021, de feito, superáronse todas as previsións) repetirase o Truco ou Trato nos locais asociados para dinamizar o centro.

Torneo de xogos de mesa (12-13 ou 19-20 de Novembro). A iniciativa do Faro dos Tres Mundos a asociación estudará a organización dun torneo sobre diferentes xogos de mesa.

Mercado de Nadal (Ponte de Decembro). Un ano máis, e a pesar da gran dificultade de levar a cabo esta iniciativa pola carencia de es-

pazos apropiados, tentarase levar adiante esta iniciativa. Por último, buscaranse docentes para cursos moi prácticos para os asociados, que irán desde paquetería e envoltorio de agasallos ata atención ao público ou escaparatismo.

Tamén levarán a cabo outras iniciativas de difusión dixital de asociados e da propia cidade, así como as accións que, como pasou cada ano, poidan ir xurdindo.

Con isto búscase volver a unha senda de normalización da vida da asociación e retomar o contacto coa sociedade.

Por outra banda, os membros da asociación Lugo Monumental demanda unha ampliación no horario da Oficina de Turismo da Xunta, “bre todo se se pretende potenciar a Lugo como un destino turístico de calidade”.






Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

*Empresa líder en el mercado informático en la provincia de Lugo
especializada en equipos portátiles y de sobremesa*

RÚA SANTIAGO 1, BAJO C (FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T.982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

SOLUCIONES DE IMPRESIÓN A LA MEDIDA DE TUS NECESIDADES

A gala Milagrosistas do Ano terá lugar o próximo 10 de xuño

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa de Lugo anuncia a próxima celebración da súa data máis destacada: os “Milagrosistas do Ano”, que neste 2022 alcanza xa a súa 31 edición premiando e recoñecendo o labor e traxectoria de persoas e entidades a favor das iniciativas sociais vinculadas a este barrio da capital lucense, o ‘Barrio Senlleiro’, que é o da Milagrosa.

O próximo 10 de xuño, venres, terá lugar a entrega de galardóns, así como tamén se procederá á cea conxunta no Restaurante Manuel Manuel, como vén sendo tradicional. E, todo iso, acompañado dunha selección musical que marcará o lado máis persoal e emotivo de cada un dos galardoados, tras a lectura do seu currículo. Todo iso,

co Presidente desta entidade, Jesús Vázquez Varela, como mestre de cerimonia, quen afirma que “cada edición desta data tan relevante para a nosa Asociación volve ser especial”.

Queda, desde este momento, aberto o prazo de presentación de candidaturas aos galardoados desta 31 edición dos Milagrosistas do Ano, mediante a achega do seu currículo, que acredite a súa vinculación con este barrio e as súas iniciativas sociais.

Aínda sen coñecerse o nome propio de quen será os seus protagonistas, o que si é seguro, é que esta nova edición, a 31, encherá de orgullo e emoción á sociedade lucense en xeral; e, en particular, á deste barrio, cuxo marcado carácter reivindicativo segue plenamente vixente.

Organizan un curso para a mocidade de reparación de móbiles e seguridade cibernética

O Concello de Lugo abre á mocidade lucense o prazo de inscrición do curso de reparación de móbiles e seguridade cibernética

A actividade é gratuíta e inclúe 15 prazas. Os cursos impartiranse na Casa da Xuventude os venres e sábados do 6 de maio ao 11 de xuño. “Convidamos á mocidade de 18 a 35 anos a que se inscriban porque é unha oportunidade para favorecer a súa inclusión no mercado laboral”, explicou o edil, quen incidiu que esta iniciativa se enmarca “nas accións que estamos a por en marcha para prever que a xuventude entre no consumo das distintas drogas dándolles alternativas de ocio e de formación”. As clases, que imparte Micromedia Informática e Comunicacions, abarca un total de 60 horas. Inclúe formación en conceptos de electrónica básica de utilidade en teléfonos móbiles, ferramentas para a reparación de ‘smartphones’, montaxe e



desmontaxe de dispositivos, erros de software, avarías nos aparellos e seguridade en navegadores e redes sociais.

O curso desenvolverase o 20, 21, 27 e 28 de maio e o 3, 4, 10, 11, 17, 18, 24, 25 de xuño. Os venres, en horario de 16.30 horas a 20.00 horas, e os sábados de 10.00 horas a 13.30 horas.

A Asociación de Xubilados local nomea a Fernando Ónega e Lara Méndez padriños de honra

A Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo decidiu por unanimidade na súa asemblea anual nomear a Alcadesa de Lugo, Lara Méndez, como madriña de honra, xunto co xornalista Fernando Ónega, que foi recoñecido como padriño de honor. Este colectivo valora o nomeamento da rexedora en función “das múltiples colaboracións e o apoio incondicional e constante coas formulacións deste colectivo”.

A alcaldesa agradece este xesto e

asegura que “é unha enorme motivación para seguir traballando con forza e ilusión en aras de impulsar proxectos e actuacións que atendan as necesidades dos maiores de Lugo, que representan nada menos que o 21% do total da nosa poboación”.

Méndez lembra o contacto permanente que mantén coa xente de maior idade do municipio e cos colectivos que os representan co obxectivo de coñecer de primeira man os seus



problemas e poder responder as súas demandas, “contactos que nos levou a por en marcha programas como ‘Acompañámote’, de atención ás persoas maiores que viven en

soidade e que inclúen accións de seguimento pero tamén para detectar, a través das redes de barrio, os casos que aínda descoñecemos, así como outras accións de apoio”.

‘De perdidos ó Miño’ fomentará o respecto á diversidade sexual

O paseo do Miño acollerá o 6 de maio, a primeira edición do festival *De perdidos ao Miño*, que nace para ser un referente en Galicia para concienciar desde un espazo de reflexión, pero tamén lúdico, sobre o respecto á diversidade sexual. Para iso, persoeiros e profesionais que son hoxe en día referentes na mocidade en temas de igualdade, diversidade e inclusión alíanse co Concello, que nace con vocación de continuidade.

O obxectivo desta iniciativa é achegar ás novas xeracións, nunha contorna natural e aberta como é o río, valores sociais co fin de evitar que se transmitan prexuízos contra a diversidade desde idades temperás. Neste primeiro festival participarán, entre outros convidados, Carolina Iglesias, cómica, guionista e youtuber galega, recoñecida no 2021 co Premio Marcela e Elisa polo seu traballo a favor dos dereitos LGTBI+, sendo a persoa máis nova en recibir este galardón, e gañadora dun Premio Ondas polo seu podcast ‘Estirando o chicle’. Tamén acudirán a psicóloga María González Da Rivera; Noemí Díaz Vázquez, profesora lesbiana visible de Bioloxía e Xeoloxía, integrante da Rede Educativa de Apoio LGTBI+ de Galicia e colaboradora de diarios nacionais; Marta Herráiz, fundadora de LesWorking, a primeira rede profesional internacional para mulleres lesbianas e codirectora xeral de REDI, a rede empresarial pola diversidade e inclusión LGBTI en España; Luis Arean, xornalista e membro fundador do Grupo de Minorías Sexuais de Amnistía Internacional España, e Xácia Ceive, norteamericana transexual asentada en Galicia e creadora do proxecto Sete Outeiros.

CURSOS

Xacobeo 21-22

100% GRATUITOS

¡Y PUNTÚAN EN LAS OPOSICIONES!

MODALIDADES:

TELEFORMACIÓN Y PRESENCIAL

Solicita información en:
formacion@estudiosrafer.es
982 22 26 49

CURSOS DISPONIBLES

- MANIPULADOR DE ALIMENTOS (15 horas)
- COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS (55 horas)
- POSICIONAMIENTO WEB Y MARKETING DIGITAL EN BUSCADORES (115 horas)
- IMPLANTACIÓN MARCA Q DE CALIDAD (70 horas)
- ELABORACIÓN DE PLATOS COMBINADOS (70 horas)
- ECOTURISMO (70 horas)

¡ACOLLE AOS NÓSOS ALUMNOS EN PRÁCTICAS CON 700 EUROS AO MES!

O programa “Reiniciate Enfoca o teu futuro” ofrece a todas as empresas a oportunidade de acoller a alumnos en prácticas non laborais altamente preparados e con ganas de traballar.

Contan con formación técnica tutorizados por docentes calificados.

Ademais de contar coa axuda dun alumno en prácticas, as empresas recibirán unha axuda económica de 700 euros ao mes.

Se tes un negocio e estás interesado neste proxecto, insíbete en www.empleojovenlugo.es como empresa e poñerémonos en contacto contigo.

INSCRÍBETE EN
<https://empleojovenlugo.es/>
OU CHAMANDO AO
627 281 418

Organizan un ciclo de xornadas sobre as adiccións ás novas tecnoloxías na mocidade

Expertos galegos e de ámbito nacional en adiccións vinculadas coas novas tecnoloxías e o seu mal uso e abuso por parte da mocidade falarán deste tema nun ciclo de xornadas titulado *Adiccións sen substancia*, abertas a todo o público, organizada polo Concello de Lugo no marco do Plan Municipal de Prevención de Drogodependencias.

Dirixida especialmente ao público xuvenil, profesionais e familias, desde a concellería de Xuventude do Goberno de Lara Méndez, que impulsa este plan, anímase a participación de toda a veciñanza preocupada por este tema, xa que “a adicción ás novas tecnoloxías non só é un problema cada vez maior entre a mocidade, senón que afecta a todas as idades”, alerta o edil Mauricio Repetto. O ciclo incluírá catro conferencias nas que profesionais de diferentes



campos falarán de prevención, sensibilización e investigación sobre a educación no mundo dixital e as relacións coas novas tecnoloxías. O obxectivo, apunta o concelleiro, é “sensibilizar da existencia das adiccións de comportamento e informar dos recursos existentes para o seu tratamento e recuperación”.

Equigal volverá este mes a Lugo co apoio da Deputación

O XV Salón Internacional do Cabalo, Equigal celebrárase no Pazo de Feiras e Exposicións este mes. A institución provincial achega 40.000€ para a organización desta cita, o que supón o 80% do orzamento necesario para a posta en marcha deste salón. Este ano supera nun 10% as inscricións nas probas de salto e no Concurso Morfolóxico de Pura Raza Árabe con respecto á edición de 2021. Esta cita concentrará o Concurso Nacional de Salto de Obstáculos Cidade de Lugo, o V Concurso de Cabalos de Pura Raza Árabe, o XV Concurso

Internacional de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española, o Concurso Morfolóxico de Cabalos de Pura Raza Galega, así como unha Proba de Enganches que entra dentro da categoría de Xogos Ecuestres Federados. Ademais, está prevista a organización de actividades gratuítas de iniciación ao mundo ecuestre dirixidas a escolares de quinto e sexto de Primaria. O Salón Internacional do Cabalo de Galicia é, dende o 2008, unha cita ecuestre de referencia do noroeste de España. A pasada edición recibiu a máis de 9.500 visitantes.

As redes reclaman que Quique Rozas sexa o próximo alcaldable

O promotor do proxecto iniciou unha páxina de Facebook o 16 de abril

A cidadanía de Lugo uniu as súas forzas e intereses no grupo de Facebook Quique Rozas Alcalde, unha páxina que pretende mostrar o apoio a este político lucense para que se postule como rexedor nas vindeiras eleccións do ano 2023.

O grupo foi creado por un particular, Carlos Santaló o pasado 16 de abril despois de ver a participación de Enrique Rozas nos actos de Semana Santa. Nun primeiro momento non cría que chegara a tanto, porén, na actualidade conta con preto de 400 persoas simpatizantes con esta causa.

O promotor do proxecto iniciou esta páxina de Facebook ao non sentir simpatía ante ningún dos políticos actuais manifestándose “desilusionado”.

Quique Rozas estivo moi vinculado á política lucense ata o ano 2019 cando decidiu non integrar nas listas do PP. Foi o xerente do patronato de deportes con Quiroga, con Notario e con Joaquín García Díez. E, posteriormente, ocuparía o cargo de concelleiro co Partido Popular.

Ao falar con Quique Rozas e preguntarlle sobre esta páxina afirma que non vai dar declaracións sobre o tema, malia que quere deixar claro que non ten nada que ver coa creación desta páxina, de feito, non coñece ao creador da mesma. Afirmar que se sente moi alagado co apoio recibido, e dá as gracias as persoas que mostran o seu interese na causa, do mesmo modo que asume as críticas cando lle tocan, ao ser unha persoa pública. Para rematar, concluíu afirmando que o seu partido, o



Partido Popular, agora mesmo está enfocado na sucesión de Feijoo que é o tema que ten que tratar na actualidade.

Con todo, Rozas, que traballou como funcionario do Ministerio de Defensa ata a súa xubilación, en diversas entrevistas afirmou non “pechar ningunha porta” no relativo á súa vida política e sempre se amosou disposto a colaborar, de novo, co partido se así llo piden.

Carlos Santaló iniciou esta iniciativa co obxectivo de que o candidato do grupo popular nas vindeiras eleccións sexa Quique Rozas, xa que actualmente maniféstase desilusionado coa política actual e en desacordo co goberno actual de Lugo. Confía en que Quique Rozas sería o único candidato capaz de obter a maioría absoluta, algo que colleu máis forza coa gran adhesión de persoas que apoiaron a causa.

E é que este grupo de Facebook xa conta con preto de 400 membros que nas últimas xornadas chamaban á toma de decisión por parte da presidenta provincial do Partido, Elena Candia. Nunha imaxe publicada, instan á mindoniense a poñer á fronte do PP de Lugo a Enrique Rozas “se quere que Lugo teña Goberno do PP”. Tamén consideran dende o grupo de facebook que “do contrario” o PP seguirá “na oposición e avellentándose”.

Dende o Partido Popular aínda non avanzaron ningún nome das listas que presentarán ás municipais do vindeiro ano. Por un lado, aínda é moi cedo no calendario, cun ano por diante, para presentalas, pero por outro lado, chama a atención da cidadanía que o actual voceiro popular no Concello de Lugo, Ramón Carballo, non confirmara todavía a súa continuidade á fronte do partido.

MASAJES ÚNICOS PARA PERSONAS ÚNICAS

Avenida de Madrid 42 baixo
696 629 696

Ikigai
Centro Holístico

Motolugo

CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

HONDA CB500X PÁSATE A LA AVENTURA

Camino Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

“Aumentou o traballo no sector e, de cara a primavera, aínda moito máis”

My bike, empresa situada no polígono das Gándaras e especializada na venda de bicicletas e accesorios

A bicicleta é unha solución sinxela para moitos dos problemas do Planeta: o cambio climático, a obesidade, os atascos, a saúde das persoas e do planeta. Falamos con Santiago Seijas Alfonso xerente de My bike.

Como xurdiu My bike?

Fai xa 5 anos que levamos funcionando. Nun principio estabamos na Ronda das Fontiñas e fai catro meses cambiámonos ao polígono das Gándaras, buscábase unhas mellores instalacións, maior comodidade no noso traballo, aumentar o número de produtos expostos e facilitar o acceso para os clientes.

Que tipo de servizos prestan?

Temos venda e reparación de bicicletas, levamos limpeza e mantemento e ademais tamén temos á venda accesorios para bicicleta. Neste campo contamos con vestiario deportivo, repostos, contakilómetros, gps, sillíns, zapatillas e un apartado de alimentación deportiva.

Cales son os produtos máis demandados?

Este último tempo foron as bicicletas de montaña e, en xeral, todo tipo de vestiario e accesorios. Tamén está aumentando a venda de bicicletas eléctricas. As bicicletas de montaña son moi polivalentes permiten ir por estrada e por montaña, para a xente que se inicie é ideal.

E os servizos con mellor acollida?

Todo tipo de reparacións. Funciona



Unha vista do interior das instalacións da Gándaras

moi ben o lavado e mantemento das bicicletas. Agora estamos traballando con cinco marcas, dúas delas referentes do sector. Trek, Cannondale, Berria, Megamo Hai-bike e Ghost. Aí hai bicicletas de montaña, estrada, infantís, eléctricas e urbanas.

Son bicicletas profesionais ou un afeccionado pode atopar a súa sen problema?

Nós ofrecemos todo tipo de bicicletas dende primeiro prezo ata o que cada un queira gastar.

Cambiou o traballo nestes últimos tempos por mor da pandemia?

Si, a verdade é que no noso sector aumentou moito. Actualmente temos moito traballo e de cara a primavera aínda máis. Estes dous últimos anos foron de moito traballo. Primeiro notouse na venda de bicicletas e posteriormente tamén se aumentou na venda de accesorios. A persoa que comezou comprando unha bicicleta de primeiro prezo agora cambia a unha bicicleta de máis gama.

Afectou en algo a demanda de produtos debido a nova instalación do carril bici?

Nós non o notamos especialmente. O que si que notamos, pero cremos que relacionado coa pandemia, o aumento do custe de combustible, etc. é que hai xente que opta pola bicicleta urbana, máis polo medio de transporte que polo carril bici. Ademais, cada vez é máis complicado acceder aos centros urbanos co vehículo polo que para moverse pola cidade prefiren comprar unha bicicleta.

Que zona cubren?

Temos cliente tanto de Asturias como de Lugo cidade, moita xente da zona de Chantada, Meira, Castro.

O cambio ás novas instalacións supuxo un aumento de clientes da provincia, estes aproveitan a visita comercial que fan a cidade e veñen pegar un ollo. Ademais, fai pouco iniciamos coa nova web a venda online onde vendemos e distribuímos a toda España. O sitio máis lonxe onde enviamos foi a Mallorca un par de bicicletas.

Cales son as últimas novidades do sector?

Sobre todo o tema das bicicletas eléctricas, cada vez se melloran máis as baterías, os motores e aumenta a venda deste tipo de bicicletas.

Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

Neste aspecto asentarnos nas novas instalacións e ir ampliando o comercio online.

Lugo será unha das 915 cidades que participan no Distinguished Gentleman's Ride

O Distinguished Gentleman's Ride estableceuse coma un evento do motor máis grande e espectacular do mundo, a tempo que tamén ten como obxectivo recadar unha cantidade extraordinaria de fondos e crear conciencia do cancro de próstata e saúde mental, prevención do suicidio dos homes.

Desde os seus inicios o socio benéfico Movember recaudou 32 millóns de dólares.

O evento terá lugar o 22 de maio e acollerá na cidade de Lugo máis de 200 motocicletas clásicas pilotadas por homes e mulleres vestidos de gala. Esta cita está programada o mesmo día en 915 cidades de todo o mundo, en España terá lugar en 24 puntos, sendo Lugo e Pontevedra dous deles.

Centos de miles de cabaleiros elegantemente vestidos en máis de 900 cidades e en máis de 110 países únense nas súas motocicletas clásicas e vintage para participar en apoio a esta causa que cumpre 11 anos de existencia.

Este evento está asociado coa Fundación Movember que é a fundación en saúde masculina máis grande do mundo.

O evento terá unha recepción de benvinda, consumicións de balde e un paseo en moto por Lugo. Ao finalizar a ruta haberá actuacións musicais en vivo, sorteos e unha entrega de premios.

O obxectivo desta concentración é crear conciencia e recadar 6 millóns de dólares para a investigación do cancro de próstata e a saúde mental nos homes. Todos os pasaxeiros deberán estar rexistrados no sitio web do The Distinguished Gentleman's Ride para ver os detalles da viaxe local.

GALEGA DE IMPERMEABILIZACIÓNS

Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns
ESTRUCTURAS ENTERRADAS • LÁMINAS ANTIRADÓN

FACEMOS DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE

Rúa Fernando de Castro, 6 - PLANTA BAIXA. 27600 SARRIA - LUGO / Tfnos.: 659 198 769 - 677 341 559 / galegadeimpermeabilizacions@gmail.com

“É un orgullo para a asociación contar con preto de 500 socios”

Eduardo Núñez-Torrón Caballero é o presidente da Peña Anda

A Asociación con máis de 60 anos de vida recada fondos para actividades benéficas da cidade de Lugo.

Como naceu a Asociación?

A Peña Anda nace no ano 1964 por un grupo de amigos arredor do Bar Anda en Rúa Nova. Alí xuntábanse para falar de fútbol. Ten unhas orixes ligadas ao CD Lugo. Nos primeiros anos de vida comezou a recadar fondos para a residencia de anciáns de San Roque. Nun principio era un grupo reducido de 15 persoas aproximadamente que co tempo foi crecendo.

Que necesidades existían no momento da súa formación?

Naquel momento desgraciadamente moitos, o asilo de San Roque estaba nunhas condicións que non teñen nada que ver coas de hoxe en día. Deses problemas eran conscientes os membros da Peña e comezaron a realizar actividades con fins benéficos para poder axudar. Afortunadamente a día de hoxe o asilo non ten esas carencias, non ten nada que ver con aquel momento.

Que actividades realizan?

Actualmente as actividades son ao longo do ano. Realizamos unha ou dúas excursións cos socios da Peña, en novembro ten lugar unha comida de irmandade onde nos xuntamos os socios e ademais facemos a recadación do domingo das mozas polas rúas de Lugo, no Nadal vendemos lotería e ademais, facemos chegar de maneira discreta, unha cesta con produtos de Nadal a persoas próximas á Peña que ten os recursos máis limitados. Ademais, o Día de Reis, achegámonos cunha

banda de gaitas ao asilo de San Roque e pasamos o día con eles.

Cal foi o maior logro da asociación, o evento con maior repercusión e co que se senten máis satisfeitos?

Do que máis orgullosos estamos é de que unha peña con 60 anos de idade teña preto de 500 socios.

Que cambios houbo nas actividades que levan a cabo ao longo do tempo?

A verdade é que é unha Peña moi tradicional, a súa media de idade é bastante maior, ronda os 70 anos

polo que se seguen conservando as mesmas actividades que se facían nun inicio.

Cales eran os obxectivos principais no momento da súa formación? E agora?

É unha asociación benéfica, prestamos axuda aos necesitados. Naquel momento era tan só ao asilo de San Roque e, agora mesmo colaboramos en calquera causa local na que poidamos axudar.

Cales son os principios que moven aos socios?



O da solidariedade e axuda ao próximo.

Pódese colaborar dalgunha forma coa asociación?

A través de cotas de socios, a través da lotería de Nadal e participando na achega do domingo das mozas.

Que están a realizar na actualidade?

Vimos fai uns días de realizar unha xuntanza cos socios da Fonsagrada. A Peña ten extensión en Fonsagrada e Noia. Ademais, tamén estamos organizando a visita a Santiago de Compostela onde terá lugar o xubileo.

Que novos proxectos teñen de cara ao futuro?

En principio o máis importante é revitalizar a Peña. Gran parte dos 500 socios supera os 70 anos de idade polo que estamos buscando novas xeracións e novos aires, ata aí van os nosos obxectivos para que a Peña dure 60 anos máis.

Cal foi o maior reto ao que se tivo que enfrontar o grupo?

Seguramente fora agora co tema da covid, hai que ter en conta que nestes dous anos case non houbo actividade e volver a reiniciar a marcha foi complicado. Actualmente estamos intentando que as cousas volvan a normalidade e seguir adiante coma en antaño.

Como chegou a formar parte vostede de Peña Anda?

O primeiro presidente da Peña era o meu avó, despois de 25 anos foino meu pai e, no seu falecemento no ano 2015 os socios decidiron que fora eu o presidente.

Cal é o mellor recordo que ten da asociación?

Está moi ligado á miña familia, os meus mellores recordos desde unha perspectiva persoal son as comidas de irmandade. A día de hoxe xuntarnos unha vez ao ano cos socios é moi gratificante. Tamén gardo moi bos recordos das visitas que realizamos ao asilo no día de Reis.

Que foi o máis complexo á hora de formar a asociación?

É unha asociación que nace arredor dun grupo de amigos que se foi instalando na cidade, obtendo cada vez máis calado polo que complexidade ningunha. O seu nacemento foi espontáneo e pouco a pouco cobrou fama. O máis dificultoso é mantelo con esta forza.

Que propósitos se marca de cara a esta nova normalidade?

Intentar rexuenerar a Peña, que se integre máis xente de maior idade e seguir dando vida á asociación. Os propósitos seguen sendo os mesmos axudar ao asilo de San Roque e as causas locais que poden necesitar a axuda.

Están a levar a cabo algunha medida para atraer a xente nova?

A través dos socios que xa formamos parte do grupo estamos intentando que o círculo máis achegado do mesmo se una, utilizamos o de sempre, o boca a boca.



Arriba, Núñez-Torrón e, abaixo, a placa na rúa da Cruz e o asilo



17 DE MAIO DE 2022

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Adicado a
Florencio Delgado Gurriarán



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da lingua

O PP solicita da área de cultura información e transparencia

Os populares consideran “frustrante que non poidan dispoñer das informacións que solicitan en tempo e prazo á concelleira de cultura a nacionalista Maite Ferreiro”. Desde o PP afirman que “este silencio administrativo non é algo puntual senón que se trata dunha práctica que se está convertendo en habitual cando necesitamos consultar ou acceder a informacións desta área do BNG”. Os populares explican que “segundo o regulamento orgánico do Concello, deberían contestar as nosas solicitudes no prazo de cinco días” e aclaran que “das catro últimas solicitudes, algunhas presentadas fai máis dun mes, nunca se responderon e tras reclamar no departamento o acceso aos datos requiridos tampouco se nos facilitaron”. Por este motivo desde o Partido Popular acaban de solicitar ao secretario “que medie para que se cumpra o principio de transparencia e de información aos grupos políticos da oposición”.

A Galería Nova Rúa acolle este mes obras de Víctor Rodríguez

A Galería Nova Rúa de Lugo acolle unha exposición do artista galego Víctor Rodríguez Espiñeira, co título *Obra recente*. Víctor Rodríguez Espiñeira naceu en Vigo en 1981, onde aprendeu técnicas de pintura co artista Mingos Teixeira. Despois de pasar pola universidade e cursar estudos de enxeñaría técnica industrial, optou por dedicar o seu tempo á pintura, e continuou coa súa formación de forma autodidacta, estudando tamén escultura na Escola de Artes e Oficios de Vigo e asistindo ao Máster en Obra Gráfica da Fundación Ciec. Este autor comezou a expoñer en 2007 de forma individual e tamén colectiva e seguiu ata 2019, ano no que tamén se puido ver na galería Nova Rúa e onde tamén estivo en 2015 nunha mostra colectiva. Os seus traballos percorreron toda Galicia con exposicións individuais e colectivas en Santiago, A Coruña, Lugo, Monforte, Vigo, Ribeira, Betanzos, Cangas, etc. Ademais, foi galardoado en 2015 no IX Concurso de Pintura Manuel Rebón do Concello de Ares e no XIV Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. En 2017 recibiu a mención especial do xurado no XIV Certame de pintura Concello de Cambre e no 2018 un accésit no Certame Crearche, da Universidade de Santiago.

Presentada a 49 edición da Semana de Música do Corpus

A edil de Cultura do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, e José Luís Díaz, representante da Sociedade Filarmonica de Lugo, a 49 edición da Semana de Música do Corpus, que este ano terá lugar entre o 21 de maio e o 8 de xuño. A concelleira destacou así a “paixón pola música” que a veciñanza de Lugo demostra ano tras ano ao acudir a estes concertos.

Segundo avanzaron na presentación, este ano realizaránse un total de 9 concertos que incluírán artistas e propostas musicais “de gran calidade artística e prestixio internacional”.

“Mantemos o noso compromiso con todas as manifestacións artísticas, apoiando ao tecido cultural local e favorecendo que a veciñanza de Lugo poida desfrutar de propostas que sen este tipo de iniciativas non sería posible ver en Lugo”, explicou Maite Ferreiro. A edil engadiu “este ano, por primeira vez contaremos



cun concerto no auditorio do Conservatorio de Música Xoán Montes, avanzando no achegamento deste centro á cidade”.

A XLIX edición da Semana de Música do Corpus achegará 9 concertos de pezas compostas entre os séculos XVII a XX. A entrada aos concertos será gratuíta ata completar a cabida.

PROGRAMACIÓN

21 de maio – Círculo das Artes – Accademia del Piacere
Fahmi Alqhai

25 de maio – Círculo das Artes – Trío Castelao

26 de maio – Círculo das Artes – Sofya Melikyan, piano

28 de maio – Círculo das Artes – Orquestra Barroca Vigo 430

29 de maio – Círculo das Artes – Ensemble da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)

31 de maio – Conservatorio
Jorge Jiménez, violín

2 de xuño – Círculo das Artes – Patagonia Express Trío

4 de xuño – Círculo das Artes – MUSICA ALcheMICA

8 de xuño – Círculo das Artes – 20:30 h
Carlos Mena, contratenor
Concerto 1700

A premiada serie de Irene Pin presenta a súa segunda tempada

Amnesia 3.0, a premiada serie interactiva galega da directora lucense Irene Pin, estreou a súa segunda tempada no Centro Cultural O Vello Cárcere de Lugo.

O thriller de ciencia ficción sobre un mundo no que a xente esqueceu todo, arrancaba a súa primeira tempada introducindo ao espectador nun universo distópico sen memoria, con todas as consecuencias que iso podería acarrear. Nesta segunda achega pretende afondar nas dinámicas que levaron ao mundo a esta situación.

A serie é unha proposta para abandonar os límites do relato convencional. Partindo de tres perspectivas, o público pode seguir a historia desde un ou outro itinerario, nos momentos en que as tramas se cruzan. As súas decisións non mudan a historia, pero si como a percibe. Porque como na vida, non todo está tan claro. O importante non é tanto o que che contan, senón como cho contan. E, sobre todo, quen.

A Semana da Exaltación da Cultura e a Arte volve



No ano 1995 Lugo Monumental levou a cabo unha iniciativa consistente en realizar unha semana dedicada á cultura e arte locais, que nunca se volveu repetir. No ano 2020 planificouse a súa recuperación xa que se daba o 25 aniversario daquela primeira edición. Esta iniciativa viuse truncada debido á chegada da Covid 19.

Os locais do casco histórico cedrán os espazos de maneira gratuíta para que os artistas locais poidan expoñer as súas obras durante esa semana, buscando unha colaboración entre todos para promover aos creadores lucenses.

Despois de consultalo coa familia,

esta edición dedicárase ao inesquecible Paco Pestana, que foi o pregoiro da Semana orixinal en 1995. Ata o 15 de maio Lugo Monumental tomará contacto cos diferentes axentes que poderían intervir. Inclúese a recepción de propostas e de ideas a desenvolver ou a inclusión nalguna da liñas xa deseñadas.

A SECAL terá lugar do 20 ao 26 de xuño despois de que nos días previos se prepares os espazos e os materiais a expor.

Para calquera cuestión poden contactar coa asociación a través do correo electrónico asociacion@lugomonumental.es.

Lugo, Capital da Cultura do Eixo Atlántico no 2023

Lugo será a Capital da Cultura do Eixo Atlántico en 2023, recollendo o relevo de Braga. Así o acordaron hoxe por unanimidade os concellos de Galicia e do norte de Portugal da entidade transfronteiriza tras valorar a candidatura presentada nunha reunión en Guimaraes presidida polo secretario xeral do Eixo, Xoán Vázquez Mao.

“Dende o Concello apostamos pola cultura como un dos elementos decisivos no desenvolvemento social, económico e de identidade do municipio, a través do deseño de políticas culturais, diversas e plurais e que fomenten a capacidade creativa local, en sintonía coa nosa estratexia de cidade sostible”, di a alcaldesa.

A vicepresidenta da Deputación e concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, valorou como unha gran nova a elección de Lugo como Capital da Cultura do Eixo Atlántico en 2023.

A proposta de Lugo aprobouse por unanimidade dos representantes das municipalidades e das administracións da Eurorrexión presentes no encontro, celebrado na Sala de Conferencias do Centro Internacional para as Artes José de Guimaraes. A candidatura de Lugo presentouse vinculada a unha proposta artellada arredor dos recursos patrimoniais e

históricos da cidade, dunha axenda cultural estable e diversa e do talento artístico local, que se pechará coas achegas que as entidades socias do Eixo Atlántico queiran realizar nos vindeiros días.

Entre outros espazos e eventos culturais, o proxecto presentado polo goberno local pon en valor os centros culturais da Deputación de Lugo na cidade, como o Museo Provincial de Lugo, a Sala de Exposicións da Capela de Santa María e o Centro de Artesanía e Deseño.

A programación desenvolverase dende marzo a novembro e contempla non só as distintas disciplinas artísticas senón tamén unha ampla variedade de eventos, dende mostras de teatro, cine a concertos, festivais de arte urbanos e exposicións, así como actividades infantís e certames gastronómicos, entre outras propostas, que se irán concretando da man dos concellos do Eixo Atlántico. Tamén incluírá actividades xa consolidadas na cidade como o Arde Lucvs Cultural, o Festival Internacional de Jazz ou o Caudal Fest.

O Concello de Lugo dedicará ao Eixo Atlántico unha praza emblemática da cidade, na que recentemente se instalou a Fonte das Lavadeiras, a carón da Praza Viana do Castelo.

“Síntome apoiado, tamén fago e traballo porque se me valore”

Falamos con Edgar Bao, cantante lucense, que vén de sacar un novo disco

Como describiría a Edgar Bao?

Unha persoa loitadora, sacrificada, humilde que loita polos seus sonhos. Cústame falar de mín.

Cando comezou a súa vinculación coa música?

Comecei a cantar con 2 anos. Miña nai sempre dicía que comecei a cantar antes de falar. Con 3-4 anos xa cantaba pola vila coplas e xa con 7 empecei a formación nunha escola de canto. Aos 14 participei na Voz Kids e a partir de aí comecei unha carreira en solitario que segue ata o día de hoxe que non paro de moverme para intentar vivir da música.

Cal foi a súa primeira gran experiencia musical?

O mellor recordo que gardo é o primeiro directo en solitario que fixen nas festas patronais de Lugo. Foi unha honra poder entrar pola parte grande na miña cidade como o fixen no seu momento no San Froilán. Tamén lembro con moito agarimo o concerto no que David Bisbal me convidou no ano 2017. E, por suposto, a Voz Kids tamén foi unha experiencia increíble.

Participou na Voz Kids como xurdiu esta oportunidade?

Xa me tiña presentado varias veces. O ano que finalmente fun era a terceira vez que me presentaba. Foi grazas ao meu irmán que estaba pendente dos cásting. As dúas primeiras veces non o pasei e, na terceira ocasión cheguei á semifinall do programa. O fundamental foi seguir intentándoo ata que me colleron.

Cales son os seus referentes musicais?

Os meus referentes foron variando nos últimos tempos, gústame estar na actualidade, aprender e ter unha boa cultura musical, algo que considero fundamental. Antes escoitaba moito a Pablo Alborán e David Bisbal. A día de hoxe grandes referentes serían Bruno Mars, Dani Fernández na que destaco a súa traxectoria e Marc Anthony.

Cre que participar nun programa televisivo é unha potencia ou estanca a carreira musical do artista?

Depende, eu persoalmente tiven a gran sorte de ter unha boa repercusión e, a día de hoxe, inexplicablemente para min, segue tendo moita relevancia. Aínda que é certo que tamén coñezo casos que non tiveron tanta sorte ou tanta repercusión. No meu caso benefíciome moito.

Ten previsto ou quixo participar nalgún outro programa de TV?

Fai tres meses recibín unha proposta da Voz para presentarme outra vez en Antena 3 na edición de adultos, principalmente non me presente porque o meu primeiro obxectivo é lanzar un EP e apostar por ese proxecto. Si me presentara a outro concurso sería Operación Triunfo xa que me gusta moito o formato.

Como é o proceso de creación dunha das súas cancións?

É moito tempo de traballo. Eu tiven a gran sorte de atoparme co produtor Will Cartaya, venezolano afincado en Madrid. Xusto cando eu estaba buscando un produtor co que me sentira ben e a gusto, co fin de cam-

biar a imaxe, Will púxose en contacto comigo. Comezamos a traballar xuntos e o proceso dunha canción é vía zoom, compoñemos os dous a letra e a produción. Tras isto, mándame unha maqueta e unha vez con 3 ou 4 temas viaxo a Madrid e gravamos. Will encárgase do resto do proceso de produción. A masterización foi obras de Jose Balyenoti.

Ten pensado compoñer en galego?

Xustamente co meu manager chegamos á conclusión de que queríamos presentarnos ante o Xacobeo e, para elo, queríamos facer algo en galego, non unha letra ao 100% pero algunhas pinceladas, é algo que está no aire, aínda non está materializado.

Cantas cancións ten publicadas?

Agora mesmo, propias, teño 4. Neste último EP que eu considero o meu proxecto, este traballo último é un pedazo de min, composicións miñas e conto as miñas historias.

Cal é o seu obxectivo?

O meu obxectivo é dedicarme ao que me gusta. A todo o mundo lle encantaría encher estadios, para min, o éxito non sería eso senón poder dedicarme ao que me gusta, ver que as miñas cancións chegan á xente, sentirme identificado coa miña música.

Fai pouco estreou unha nova canción Millas, como foi a acollida?

Sorprendentemente ben, con tan só 4 días de publicación xa levaba máis de 250.000 visualizacións en Youtube. Está gustando moito, estivemos tamén top30 en Novidades pop amazon music, é a primeira vez



que estou nun playlist importante, estou súper orgulloso do traballo feito e da acollida.

Que novos proxectos ten en mente?

O máis próximo é a banda coa que estamos traballando na xira deste verán 2022. Con esta banda presentarei o EP. En principio, as actuacións serán bastante inéditas xa que non estarán publicadas todas as cancións e ademais tamén faremos algunha versión de cancións coñecidas.

Pódese vivir actualmente da música ou está a enfocar a súa vida noutro sector?

Son dos que pensan que hai que ter un plan B por si as cousas non funcionan como se quere. Por iso, tamén estou estudando no Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, aínda que ao que máis dedico o meu tempo é á música. Loito polos meus sonhos e quero traballar e vivir disto.

Está a relacionar os seus estudos coa música?

Unha gran parte si. O meu irmán,

que tamén estuda comigo, foi o director dos dous videoclips que fixemos ata agora. Pódense complementar os estudos coa música.

Como se ve nun futuro?

Boa pregunta. A min gustaríame verme dedicándome ao 100% ao que me gusta. A música é o que máis vivo. Poder facer concertos coa banda, sacando novos temas e que a xente se sinta identificado con eles.

Actuou en varias ocasións na cidade, síntese apoiado por Lugo na súa carreira musical?

Si. Para min o concerto de San Froilán en 2017 foi unha sorpresa, o meu primeiro concerto como solista e houbo arredor de 5.000 persoas, unha sensación increíble. Eu, persoalmente síntome apoiado pola xente de Lugo, tamén fago e traballo porque se me valore.

Ten ou tivo recentemente algunha actuación?

O pasado 24 de abril participei no tardeo solidario de Lugo con Ucraína e estamos a preparar a xira deste verán.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Os versos galegos volven ás rúas do centro da cidade

O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que a área de Cultura renovará durante estes días as citas literarias coas que se rende homenaxe nas rúas ás autoras e autores aos que se lles adicou o Día das Letras Galegas.

“No ano 2020, debido á imposibilidade de organizar as actividades habituais, decidimos render homenaxe ás nosas escritoras e escritores máis destacados cunha serie de citas escollidas que se colocaron ao longo da cidade”, explicou Rubén Arroxo.

O Tenente Alcalde anunciou que este ano “ampliamos as citas con novos textos de Florencio Deglado Gurriarán, autor

homenaxeado este ano polo día das Letras Galegas”.

A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua distribuíu polas beirarrúas de Lugo 50 citas literarias de Rosalía de Castro, Castelao, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Luís Pimentel, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra, Manuel Antonio, Leiras Pulpeiro, Lamas Carvajal, Francisca Herrera Garrido, Celso Emilio Ferreiro, Valentín Paz Andrade, Álvaro Cunqueiro, María Mariño Carou, Lois Pereiro, Roberto Vidal Bolaño, Díaz Castro, Manuel María, María Victoria Moreno, Carlos Casares e Carvalho Calero.

As actividades do Mercado municipal e da Praza de Abastos ampliáanse ata o verán

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, anunciou que o Goberno de Lugo renova as actividades infantís da Praza de Abastos e do Mercado Municipal, co obxectivo de “facilitar que as nenas e nenos poidan divertirse e aprender mentres as familias realizan as súas compras na Praza de Abastos e no Mercado Municipal”.

Desde a área de participación búscase “facilitar a conciliación familiar nas fins de semana, e facilitar que a veciñanza poida achegarse a coñecer os produtos de primeira calidade que se comercian na Pra-

za e no Mercado”.

As actividades, que foron un éxito de asistencia no primeiro trimestre do ano terán lugar nas mañás dos sábados de abril, maio e xuño entre as 11 e as 14 horas. As actividades consistirán en obradoiros de reciclaxe, creatividade e cociña, adaptadas ás idades das nenas e nenos presentes.

A concelleira de Participación afirmou que “continuamos a promocionar a Praza e o Mercado para facilitar que toda a veciñanza poida coñecer os produtos de primeira calidade que se comercian nestas instalacións”.



O FaCela Fest será do 12 ao 14 de maio en distintas zonas da cidade

O festival de música independente xa está consolidado no calendario cultural da cidade, que realiza unha importante aposta pola presenza das agrupacións lideradas por mulleres e polos grupos lucenses.

O FaCeLa Fest volverá este ano ás datas habituais de antes da pandemia, celebrándose entre o 12 e o 14 de maio. O escenario principal volverá ser o exterior do Auditorio Municipal Gustavo Freire, que acollerá o festival os días 13 e 14 de maio, e contará con máis actividades gratuítas en distintas zonas da cidade, entre as que se atopan un dobre concerto que se celebrará no Club Clavicémbalo o xoves 12 e unha sesión vermú que terá lugar na praza da Milagrosa.

O cartel deste ano aposta por bandas míticas da escena independente, entre as que se atopan as británicas The Wedding Present, procedentes de Leeds, que levan dignificando o indie-rock de guitarras desde os anos 80, e Wave Pictures, que chegarán ao FaCeLa Fest



desde Londres cunhas letras onde o sentido do humor e as súas melodías destacaron no xénero durante os 20 anos de traxectoria do grupo. Trátanse dúas apostas de gran calidade dentro do xénero, que demostran que este festival aposta pola calidade musical das distintas agrupacións.

A escena internacional do festival complétase con The Mastersons + the Whitmore Sisters, unha banda

de Country alternativa americana procedente de Brooklyn e cos portugueses Eigreen, unha banda de recente creación e de gran calidade. No tocante ás agrupacións estatais, destacan os galegos Triángulo de Amor Bizarro, que contan cun dos directos máis apaixonantes do panorama independente a nivel estatal, e que contan cun gran número de premios. Completan a selección os madrileños Los Punsetes, e Hinds, unha das bandas españolas máis valoradas a nivel internacional.

Estarán presentes tamén os barceloneses Stay, os vascos Lie Detectors ou o grupo madrileño Cosmen, que xunto cos ferroláns Bang 74 completarán a selección do sexto FaCeLa Fest.

No tocante ás agrupacións locais, contarase con catro agrupacións de calidade, como son Kike Ganso, Filophóbicas, Terror Erótico Adolescente e Nebra. A programación do FaCeLa Fest completárase con sesións de DJ.

Miguel Fernández e Jorge Alba daranlle vida ao aparcadoiro do Seminario



Visita ao aparcadoiro do Seminario

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que vén de comezar a elaboración dun novo mural no interior do aparcadoiro público do Seminario Menor. Arroxo explicou que desde o Goberno de Lugo “seguimos a traballar en intervencións artísticas na rúa que convirtn a Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable”. O novo mural, elaborado polos artistas locais Miguel Fernández e Jorge Alba, da continuidade ao traballo elaborado o pasado verán na medianeira, que se pode ver

desde a rúa Anxo López Pérez. A obra de Miguel Fernández e Jorge Alba pretende ser unha mirada plural e actual ao universo feminino. Os artistas destacan que “este mural é unha homenaxe a elas. A súa esencia. O futuro é de elas. Non hai cousa que non podan abarcar ou facer. A esperanza dun mellor mundo e futuro está nelas”.

O aparcadoiro municipal do Seminario pode utilizarse de luns a venres entre as 15:30 e as 22:00, e de 10:00 a 00:00 as fins de semana.

O Correlingua celebrará unha festa de dinamización da lingua en Lugo

O Correlingua volverá ser en 2022 unha das grandes actividades arredor da lingua nos centros educativos galegos. Máis de vinte festas entre este próximo maio e o vindeiro outono dinamizarán o uso da lingua en distintos centros educativos galego, levando ata eles concertos, obradoiros, regueifas e outras actividades arredor da lingua. Esta nova edición do programa, organizado pola Asociación Correlingua, a Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación Socio Pedagóxica Galega, coa colaboración da Deputación de Lugo e das outras tres institucións provinciais, presentouse no Pazo de San Marcos e comezará a súa actividade nos colexios nos primeiros días de maio. As actividades principais serán os concertos que compartirán espazo con obradoiros, regueifas e outras actividades nos colexios, pero que tamén se celebrarán en teatros, auditorios e en algúns espazos ao aire libre.

O cartel das distintas festas estará encabezado polo grupo gañador do concurso Cantalingua celebrado semanas atrás e do que resultou gañador o grupo Mekánik Rolling Band. Tamén participarán nos concertos das festas os dous finalistas desta mesma convocatoria, Paco Nogueiras e Pauliña.

“Un dos nosos obxectivos é poñer a Lugo no mapa dos festivais”

Celestino Muinelo, organizador do Facela Fest, unha das citas culturais do mes

Como xorde Facela Fest?

Facela naceu sendo un blog escrito bastante crítico onde a única condición para escribir era non ser politicamente correctos. Este era un proxecto que tiña cun compañeiro e, pasado un tempo quedei eu só, nese momento decidín organizar un festival. Este materializouse na primeira edición que tivo lugar no Clavicembalo. Xa coa terceira edición uniuse máis xente e a idea foi pasar de crítica a que nos criticasen, sempre mantendo o espírito do blog pero en forma de Festival.

Por que se decidiu emprazalo en Lugo?

As tres persoas que organizamos o festival somos de Lugo, vivimos na cidade e estábamos cansos de ter que viaxar e ir a outros sitios para poder desfrutar dos festivais. A idea realmente, xurdiu despois de ir a un festival de Portugal e atopar a máis de 100 persoas de Lugo.

Un dos nosos obxectivos é poñer a Lugo no mapa. Na cidade non se celebran eventos con este tipo de música polo que estamos traendo bandas e grupos que doutra maneira xamais virían a Lugo.

Que diferencia ao Facela Fest doutros festivais da zona?

Un amigo noso designounos como “Festival de Autor”. A el gústalle moito o cine e extrapolou o término ao noso festival xa que o que nos diferencia é a música que traemos. A nós non nos interesa traer grupos que estean de moda, nin aqueles que poidan supoñer un maior réditto económico, por iso o que nos diferencia son os grupos e bandas que forman parte do cartel, é máis difícil atopar este tipo de música noutros festivais. Ao longo do tempo, a xente colleu confianza con nós e sabe que traemos boas propostas, polo que aínda que non as coñezan son fieis a data.

Ten algún festival como referencia?

Cando empecei sempre falaba do Primavera Sound, falar do Primavera Sound son palabras maiores. A min o que mais me gusta e ao que máis veces fun é o Paredes de Coura en Portugal, é un que sempre se adianta a traer as grandes estrelas e tendencias, esta é unha proposta moi interesante que nós intentamos facer sobre todo con bandas españolas. Fomos o primeiro festival de Carolina Durante, a primeira vez en Galicia de bandas como Cariño... gústanos adiantarnos a outros festivais. Moitos grupos que consideran que van a ser as vindeiras sensacións interéñalles moito participar nestas citas.

Cal é o obxectivo do Facela Fest?

Nós vivimos doutros traballos, non somos profesionais de festivais, montamos unha asociación que

é a que organiza esta data, polo que o obxectivo económico non é o primeiro obxectivo desta cita. O que nos interesa é poñer a Lugo no mapa, consideramos que Lugo nunca transcendeu no musical e non foi porque non houbera músicos senón porque non había unha escena de música independente. Ademais, tratamos de facer un festival totalmente diferente aos demais.

Como afectou a chegada da covid na consolidación desta festividade?

Non afectou moito xa que non deixamos de facelo. No ano 2020 fixemos un ciclo de catro bandas nun auditorio pechado. Seguimos apostando pola cultura e, o ano pasado, fixémoslo con 12 bandas no exterior. Como a nosa aposta non é económica dábanos un pouco igual o feito de que non viñera moita xente. Viunos ben porque veu moita xente nova, diferente, xente que non nos coñecía e que normalmente repiten. Houbo

“O cartel é moi ecléctico porque temos gustos distintos e é complicado poñerse de acordo”

poucas organizacións que se atrevían a seguir realizando este tipo de actividades polo que por esa parte vímonos favorecidos. Cambiou na forma de facelo, buscar cadeiras, mesas, etc, pero non no espírito.

Que cambios houbo que realizar con respecto ás edicións pasadas?

Este ano o maior cambio é nas bandas. A nós o que nos interesa máis é a proposta musical, a montaxe será similar. Como volvemos cambiar de data a maio haberá que apostar por unha lona máis grande por si acaso as condicións meteorolóxicas non acompañan. O que é a montaxe como estamos ao lado do auditorio empregamos as súas instalacións.

Cal é o maior atractivo do festival?

Eu creo que os dous grupos ingleses que veñen xa que só veñen a tocar en España ao Facela. The Wedding Present é unha agrupación coa que falamos nós directamente que está moi emocionada por ser cabeza de cartel. O outro grupo que ven de Londres, Wave Pictures, na súa xira tan só toca en Oporto e Lugo. Isto ábrenos bastante público de fora de Galicia porque quen queira velas ten que viaxar ata a cidade.

Ven xente de toda a península ou céntrase máis en público lucense?

Moito máis de Galicia, Lugo, Coruña,

Santiago pero cada vez vén mais xente de Asturias, León, Madrid e Euskadi. Depende tamén das bandas, hai bandas que atraen xente do seu lugar de orixe, etc.

Que é o máis complexo de organizar unha cita destas características?

A día de hoxe diríache que todo. Ocupa moito tempo. O que máis complexo é organizar un cartel que ti consideres que cumpra todos os criterios que queremos os organizadores. Noutros eidos axúdanos outra xente que se dedica a isto. Ao ser a sexta edición é máis fácil resolver os problemas.

Que vos anima a continuar organizando este evento?

Animámonos máis nós que ninguén. Sobre todo, por iso creo que sempre repetimos, a xente que ven. Nós solemos preguntar a nosa xente máis achegada que foi o que máis gustou e o que menos para poder mellorar. Xa non solo organizamos o festival, tamén fixemos máis concertos con moi boa resposta en Lugo, a xente é moi fiel. Ao final son os que o pasan ben, os únicos que non desfrutaban do festival somos os que o organizamos que ata que acaba a cousa non podemos respirar.

O cartel está protagonizado por artistas internacionais como se decide cal vai formar parte da festividade?

Hai de todo, somos 3 organizadores e entre os tres facemos consenso. O cartel é moi ecléctico porque nós temos gustos distintos e é complicado poñerse de acordo. Bandas que están de xira e que se ofrecen, e tamén bandas que nos interesan a nós. Tamén hai moitas produtoras coas que se ten confianza e interéñalles moito colocar bandas para coller impulso de cara aos festivais de verán. O que



si que temos claro é que teñen que formar parte do cartel bandas galegas, locais e con presenza feminina e a partir de aí, xente que nos guste. Discutimos moito pero ao final hai consenso.

Tamén apoiades aos grupos locais, cal é a acollida entre as bandas e artistas de Lugo?

Normalmente case sempre nos poñemos nós en contacto con eles. Esta é unha forma de dar visibilidade aos profesionais lucenses fora da cidade. O problema que tivo Lugo sempre foi a visibilidade que teñen os músicos fora da cidade amurallada xa que non existe unha escena propia para eles. Este ano editamos o primeiro disco como Facela e agora a ese grupo chámalo de moitos máis festivais. Isto fai que ás bandas lucenses as vexan xente de fóra de Lugo. Xa só saír no cartel é unha maneira de dar publicidade a esa banda, este ano por exemplo, preguntáronnos moito pola banda Terror Erótico Adolescente, o nome chamou a atención e é unha forma de darlle máis visión e promover o talento propio de Lugo.

Canto tempo de preparación ten unha festividade desta magnitude?

A día de hoxe xa temos bandas para o ano que ven. No tema musical xa lle estamos dando á cabeza.

Que expectativas hai para esta edición?

Ata agora é que son boas. Neste tipo de festivais aínda que poda parecer

o contrario, o máis decisivo son as últimas semanas e os últimos días. A preventa foi moi ben e fora está funcionando mellor que nunca, aínda que non fixemos moita publicidade. Cremos que será a edición que máis xente atraerá.

Ten pensado ampliar a oferta en días ou abrirse a novos estilos musicais nun futuro?

Este ano xa presentamos o festival en Santiago, por segunda vez, facendo un concerto. Presentámolo tamén en Lugo con outro concerto e, este ano, en vez de dous días vai ser de tres días. Ademais, o sábado estaremos na Praza da Milagrosa cunha sesión vermú, esta é unha forma de involucrar á cidade e, o mércores vamos ao Clavi, ese concerto será grauíto ata completar aforo, ten como fin agradecer ao Clavi o seu apoio como sala na que se levou a cabo a primeira edición do festival. Estamos abertos a outros estilos sempre e cando entren no parámetro, o público ten unha idade e cada vez é máis difícil acceder a menores de 25 anos. Os gustos musicais van cambiando e non estamos pelexados con novas propostas.

Que metas se marcan?

Eu dixen que no momento no que vira que non podíamos crecer deberíamos deixalo, polo que como meta temos crecer, aínda que sexa pouco pero intentar medrar musicalmente que é o que interesa.



Florencio Delgado Gurriarán

É un reflexo da cultura galega no século XX, promotor de iniciativas editoriais e radiofónicas

Florencio nace case ao mesmo tempo que o novo século, no 1903. A súa familia firmemente vinculada co traballo da terra inculcoulle non só o respecto polo medio senón tamén polo idioma e a cultura galega. Aínda despois de pasar case toda a nenez dunha cidade castelá a outra nunca esquece Valdeorras, onde regresan cada verán. E onde volve tras a morte da súa nai coa carreira de dereito rematada para comezar unha nova vida. En Valdeorras participará da vida cultural e política, participando activamente na creación do Partido Galeguista e nas primeiras eleccións da II República. O golpe de estado militar de 1936 que provocou a Guerra Civil colle ao noso poeta en Valdeorras de onde tenta escapar rapidamente ao ver o cariz que a contenda está a tomar. Os coñecementos dos montes da comarca do seu irmán, Lucio, serán a axuda máis eficaz para marcar unha rota de escape a través de Portugal cara Bordeos. Unha vez en Francia atópase con compañeiros da loita cos que decide volver a España para loitar do lado do goberno da República. A victoria dos franquistas píllao en Francia onde comeza unha labor fundamental para conseguir que moitos exiliados crucen o Atlántico cara unha nova vida. Trala súa chegada a Veracruz comeza a nova vida, nun primeiro momento sempre coa idea de que en poucos anos regresaría a Valdeorras mais esa visita dilátouse máis do esperado. Pronto formou familia coa súa querida Celia, unha filla de emigrantes

galegos que coñeceu mentres trataba de venderlle zapatos. Realizou diversos traballos ata que se asentou na empresa farmacéutica Queralta Mir onde traballou ata a súa xubilación. Pero o seu traballo máis importante foi do lado do grupo de emigrantes galegos no país, xunto aos que formou unha rede cultural galega imprescindible para a nosa historia.

OBRA. Os primeiros bocexos de literatura aparecen recompilados nunha vellas carpetas que el mesmo titulou xa na vellez como *Trangalladas de meniño...* Parvadas aquí vemos xa xogos de creación literaria e de rima de elevada calidade para a época na que foron feitos. Despois deste xogos rimados comeza a publicar nos anos trinta poemas soltos nos xornais O



Heraldo Gallego e *A Nosa Terra*. Algún dos poemas que aparecen son as primeiras versión dos que despois comporán *Bebedeira*. Comeza a crearse aquí o mundo máxico da natureza de Valdeorras no seu maxín. Os primeiros poemas que atopamos son: *O Castiñeiro morto*, *Vente, ventío*

do norte, *Festas*, *Folión de vran*, *Ruada*, *Cantiga da vindima*, *Muiñada...*

Tamén nesta época comezan a aparecer os primeiros poemas de corte social e reivindicativos, *Romanzo do cabaleiro* e *Xuntanza*, nos que recorda a chamada de Pondal á redención da "nai" Galicia e arenga aos galegos a emprender unha loita que defenda a terra. Outra rama social e de crítica vai ser a que levará como eixo vertebrador a lingua galega. Nese momento a perda de falantes cara o castelán por prexuízos lingüísticos afectaba nomeadamente ás clases medias-altas, os que aínda tendo un sentimento de filiación coa terra galega non o tiña co idioma por consideralo campesiño e pobre. Isto vémolos por exemplo en *Carta de Guan de la era al Doutor Nuevo Campito* ou *Falan Castelán*. Moitos destes escritos aparecerán tempo despois no *Cancioneiro de Loita* e no *Soño do Guieiro*.

Galicia é infinda!
Nosa Galicia é máis ca toda a Terra.
Non é xa o cativo currenchíño
que dín escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita:
Galicia é infinda!



Acondicionan unha estrada na parroquia lucense do Burgo

O tenente de alcaldesa e edil de Medio Rural, Miguel Fernández, supervisou a realización das obras de mellora dunha estrada municipal na parroquia de O Burgo, “unha actuación incluída no acondicionamento de camiños, os cales se atopaban deteriorados debido á súa antigüidade, ao uso e ás inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo” sinalou o edil.

Esta obra enmárcase no Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal financiado por AGADER a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e contan cun orzamento de adxudicación de 72.956,95 euros.

A execución nestes viarios consistiu na rexeneración do firme, a limpeza de cunetas e taxas co fin de restablecer a drenaxe e facilitar a evacuación da auga para que non ocasione danos sobre a pista unha vez repa-



rada, e a cobertura cunha capa de rodadura en quente e a correspondente sinalización.

Esta actuación súmase ás obras realizadas nas parroquias de Santiago de Súa e Bascuas, financiadas a través deste mesmo programa, ademais das incluídas no Plan Único do 2021 nas parroquias de Camoira, Tirimol, Pedreda, Santo André de Castro,

San Mamede dos Anxos, Calde, San Pedro de Mera, Vilachá de Mera, Prógalo e Poutomillos, algunhas xa executadas e outras que se están a realizar. A maiores, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 acometeranse melloras en outras sete estradas de cinco parroquias e dous proxectos de abastecemento de auga.

A tempada de caza arranca o día 16

A Xunta publica a resolución na que se fixan as épocas hábiles para a actividade de caza, os réximes especiais para as diferentes especies e as medidas de control por danos. O período hábil xeral para poder exercer a actividade cinexética en Galicia comezará o vindeiro 16 de outubro e estenderase ata o 6 de xaneiro do próximo ano, durante o que se poderá cazar os xoves, domingos e festivos tanto de carácter estatal como autonómico.

Así se recolle na resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicada hoxe e pola que se determinan as épocas de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2022-2023. Neste sentido e como consecuencia directa da inclusión do lobo na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe), a Xunta tivo que excluír da resolución anual de caza, por primeira vez, a posibilidade de realizar controis poboacionais polos danos que poidan ocasionar estes animais.

Polo que respecta ao xabaril, no réxime cinexético común o período xeral de caza abranguerá do 20 ao 31 de agosto e do 7 de xaneiro ao 26 de febreiro de 2023, os xoves, sábados, domingos e festivos; e do 1 de setembro de 2022 ao 5 de xaneiro do vindeiro ano os sábados, nas modalidades de batida, montaría e espera.

O GDR4 coordina un proxecto europeo para o desenvolvemento rural



O GDR 4 – ADR Comarca de Lugo acolleu na súa sede en Friol aos participantes do proxecto Erasmus+ KA220 Rural Plus os cales son: Nouseva Rannikkoseutu (Finlandia), IPN INCUBADORA – Associação para o Desenvolvemento de Actividades de Incubación de Ideas e Empresas (Portugal), University of Cyprus (Chipre), Associazione Culturale Enjoy Sicily (Italia) e a Asociación Cultural Inglaterra (España) para o seu primeiro encontro presencial deste proxecto, do que é coordinador o GDR 4.

O proxecto Rural Plus é un proxecto de cooperación cunha duración de 2 anos que ten como obxectivo crear itinerarios

de formación innovadores, baseados en experiencias de éxito, así como no desenvolvemento de metodoloxías que fomenten a participación, para que os mozos poidan desenvolver habilidades e destrezas acordes aos tempos, tendo acceso a unha serie de oportunidades como o sector TIC, que lles permitirá incrementar as súas oportunidades laborais así como poñer en marcha o seu propio negocio rural.

Por este motivo realizarán un estudo de investigación europeo para pescudar cales son as principais necesidades das persoas que viven en áreas rurais, e logo deseñar a capacitación de itinerarios a partir das respostas.

Adif suprimirá tres pasos a nivel na cidade de Lugo

Adif aprobou a licitación do contrato de obras de execución dos proxectos de supresión dos pasos a nivel situados nos puntos quilométricos (pp. kk.) 428/980, 429/811, 430/129 e 430/407 da liña León-A Coruña, ao seu paso polo termo municipal de Lugo.

Para a supresión destes catro pasos a nivel, cun orzamento de licitación de 3.074.517,27 euros (IVE incluído), executaranse dous novos pasos inferiores e varios camiños de acceso a estes pasos (no caso dos tres primeiros) e unha conexión cun paso inferior existente próximo no caso do paso a nivel do p. k. 430/407.

SOLUCIÓNS. As actuacións para levar a cabo están definidas en tres proxectos construtivos diferentes. Unha vez executadas, procederase ao levante dos pasos a nivel existentes mediante a demolición do firme, a restitución da aliñación da liña ferroviaria (tanto en planta como en alzado) e o desmonte das instalacións fe-

rroviarias relativas ao paso a nivel. Este contrato enmárcase nas actuacións de mellora que se están levando a cabo no tramo ferroviario Ourense-Monforte de Lemos-Lugo co obxectivo de cumprir os compromisos de Adif coa optimización das condicións de explotación comercial do traxecto, en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e os tempos de viaxe.

Os traballos previstos inclúen a modernización e adecuación das instalacións existentes, así como a electrificación a 25 kV en corrente alterna do corredor, adaptando a electrificación existente no tramo Ourense-Monforte de Lemos e dotando de catenaria e instalacións eléctricas ao tramo Monforte de Lemos-Lugo.

Estas actuacións contribúen á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), como é o número 9, que ten entre as súas metas o fomento de infraestruturas fiables, sostibles, resilientes e de calidade.

Veciños esixen acceso á fibra óptica e o PP pide un estudo na zona rural

Desde a Asociación Veciñal San Lorenzo de Albeiros esixen que as comunicacións e a conectividade estean ao alcance de todos os veciños e veciñas independentemente de onde residan, e que sexa unha prioridade real para as Administracións. Explican que tras as peticións realizadas no 2021 a través da Subdelegación do Goberno de España na provincia de Lugo, a efectos prácticos, no barrio lucense de Albeiros, seguen na mesma situación que entón. Indican que os veciños e veciñas de Albeiros seguen sen ter á súa disposición a fibra óptica, que melloraría “o seu grao de conectividade”; e, que a ausencia dos mesmos supón sometelos irremediamente, a un agravio comparativo con quen reside noutras zonas.

Dende a Asociación Veciñal San Lorenzo de Albeiros avanza que procederán a mobilizarse da sede da Subdelegación do Goberno na provincia de Lugo, en primeiro lugar e, a continuación, nas das demais Administracións.

Ademais, o Partido Popular apoia

aos veciños de San Vicente de Pías e non comprenden como “as súas vivendas están a menos de 100 metros da fibra óptica pero, sen embargo, non poden acceder a ela nin nas súas vivendas, nin na escola que se utiliza como local social ou mesmo no entorno da igrexa parroquial”.

Os populares explicaron que, dentro da cota que o Grupo Popular cede á veciñanza nos plenos ordinarios, presentarán un rogo para que o bipartito faga as xestións oportunas co Ministerio para ampliar a instalación da fibra óptica a este núcleo.

O PP propón realizar un estudo integral sobre a cobertura da rede de fibra óptica na zona rural do municipio de Lugo, determinando as necesidades dos diferentes núcleos de poboación e que o Concello, en base aos datos obtidos, leve a cabo todas as medidas e xestións posibles para esixir, incentivar e fomentar que as compañías distribuidoras de fibra, faciliten o acceso á fibra óptica ao maior número posible de veciños.

EDP investirá 22 millóns de euros na provincia este ano

Na provincia de Lugo, onde o Grupo EDP desenvolve a actividade de distribución eléctrica a través de Begasa, a compañía ten previsto investir máis de 22 millóns de euros durante 2022 para mellorar a calidade da subministración. Este esforzo investidor céntrase principalmente na renovación, modernización e dixitalización de activos, co obxectivo de mellorar a fiabilidade da rede eléctrica de Lugo. Dentro deste plan atópanse o proxecto de renovación da liña de alta tensión que une as subestacións de Ludrio e O Ceao e que xa se finalizou. Cun investimento total de 680.000 euros, o proxecto consiste en construír unha nova liña que aumenta a potencia dispoñible e mellora a calidade e seguridade da subministración eléctrica. En total investiu 680.000 euros.

A nova liña ten unha lonxitude de 13.722 metros e deixa a rede preparada para atender unha maior demanda de enerxía na capital lucense, principalmente para os novos axentes enerxéticos como o autoconsumo solar e o vehículo eléctrico.

A principal vantaxe da nova liña,

en comparación coa anterior, é que devandito aumento da capacidade de distribución realizouse sen que fose necesario substituír ou reforzar a maioría dos apoios existentes, minimizando así o impacto da actuación.

Dentro do seu compromiso ambiental, EDP márcase como obxectivo en cada proxecto minimizar o impacto da súa actividade. Por iso, dotou á liña con elementos de anticollisión de aves, mediante a instalación de “tiras en X”.

Nos traballos participaron, simultaneamente e a diario, unha media de 20 profesionais de diferentes empresas colaboradoras, que inclúen tanto enxeñería como construción e fabricación de equipos, ademais dos empregados da propia compañía distribuidora.

Este proxecto enmárcase no ambicioso Plan Estratéxico de EDP para o período 2021-2025, cun investimento previsto de 24.000 millóns de euros en tres eixos principais de acción: enerxías renovables; flexibilidade das redes eléctricas e deseño de produtos e servizos personalizados para os clientes.

O Concello solicitará 12 millóns para o Museo da Romanización

A Xunta de Goberno aprobou a participación do Concello nas axudas do Plan de Recuperación co obxectivo de acadar o financiamento que permita crear o Museo da Romanización de Galicia no Cuartel de San Fernando, atendendo ao compromiso da rexedora coa cidadanía para recuperar o edificio e converterlo no epicentro da cultura romana do Noroeste Peninsular.

Así, o Concello de Lugo concorrerá ás subvencións convocadas polo MITMA (Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) para a rehabilitación de edificios de titularidade pública co propósito de conseguir un total de 12 millóns de euros cos que sufragar o proxecto, que se desenvolverá en 2 fases de acordo aos requisitos establecidos nas bases da convocatoria estatal, á propia configuración da construción e tamén aos seus futuros usos.

A alcaldesa avanzou que a rehabilitación deste edificio “non só servirá para satisfacer unha antiga débeda coa cidade, senón para culminar as actuacións, tamén financiadas polo MITMA, de creación de Zonas de Baixas Emisións, abordando á peonalización das rúas circundantes ao edificio de referencia e da Praza na que está ubicado. Polo que, no seu



Proxecto de rehabilitación do cuartel de San Fernando

conxunto, a intervención implica completar o fito de peonalizar integramente o Casco Histórico”.

A rexedora lembrou que o Cuartel xa conta cun proxecto de rehabilitación que debe ser actualizado en canto ao orzamento e as medidas de aforro enerxético, xa que debido ao tempo transcorrido, son moitas as alternativas medioambientais que poden aplicarse agora con vistas a alcanzar un aforro, superior ao 30%, deste tipo de consumos.

A alcaldesa lucense enmarcou esta decisión no modelo de cidade que lidera e a través do cal está a abordar a segunda gran transformación do municipio, centrada tamén na recu-

peración e dinamización económica do concello.

E así recordou que tanto a Mesa pola Diversificación Industrial de Lugo, da que forman parte diferentes organismos públicos e entidades – entre elas a Universidade – como a Estratexia Lugo Transforma, pioneira en Galicia no ámbito local e que mobiliza 12 millóns de euros coa constitución dun fondo público emprendedor para captar novos investimentos, teñen na iniciativa do Museo da Romanización unha oportunidade en tanto este será un potente revulsivo para o conxunto do tecido produtivo e cultural local.

As ONG’s lucenses xa poden solicitar subvencións municipais

Xa está aberto o prazo para que as ONG’s que desenvolven proxectos de cooperación e sensibilización social en Lugo poidan concorrer ás subvencións municipais.

As convocatorias saían publicadas o pasado sábado no Boletín Oficial da Provincia, inciándose, así, este luns, o período de 15 días hábiles para solicitar a súa concesión.

A concelleira de Benestar, Olga López Racamonde convidou ás entidades non gubernamentais a participar nábolos dous procesos e a solicitar estas achegas para as que o Goberno de Lara Méndez habilitou senllas partidas de 70.000 euros, no caso dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e de 10.000 euros para os de sensibilización social na cidade.

Os colectivos interesados teñen agora 15 días hábiles para solicitar estas axudas que se resolverán nun prazo de 6 meses. Para a súa concesión, teranse en conta, entre outros aspectos, a experiencia

da organización, a sostibilidade da intervención ou o grao de adecuación do proxecto ás prioridades recollidas nas bases.

De xeito que, por unha banda, as accións deben dar cobertura ás necesidades básicas e ao desenvolvemento económico das rexións ás que se dirixen, incidindo na mellora da educación básica, a creación de redes de abastecemento de auga e saneamento, o incremento da habitabilidade ou con programas de saúde xeral da poboación, ao tempo que se incorporan as prioridades transversais da cooperación galega incluídas no IV Plan director que se prorrogou até finais deste ano; mentres que, pola outra, as campañas de concienciación deben dar a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e as causas que xeran a pobreza así como a defensa, especialmente, da situación da infancia, a muller, a xuventude, as persoas indíxenas, refuxiadas ou desprazadas.

Funcas e a Universidade Rey Juan Carlos sitúan no número 1 ao viveiro de empresarios



O Centro de Iniciativas Empresariais da Fundación CEL foi situado como o primeiro dos viveiros avanzados de España polo Informe Funcas *Os servizos que prestan os viveiros e aceleradoras de empresas en España. Ranking 2022-2023*, un estudo que a Fundación Caixas de Aforro (FUNCAS) e a Universidade Rey Juan Carlos de Madrid realizan dende 2013

para ofrecer unha radiografía do emprendemento e os axentes do ecosistema nacional de apoio a emprendedores. Igualmente, e no relativo a aceleradoras, o ranking deste ano tamén sitúa a Business Factory Aero (BFAero), promovida pola Xunta de Galicia e da que a Fundación CEL é equipo xestor, no “top 10” das aceleradoras españolas con servizos avanzados.

Remata o conflito polos terreos de Alfredo Brañas

O Concello porá fin ao conflito que a Administración local mantiña cos propietarios dos terreos que quedaron sen liquidar trala reparcelación da rúa Alfredo Brañas, no ano 95.

Foi en 1994 cando o Pleno do Concello aprobaba definitivamente o proxecto de expropiación para a urbanización da rúa Alfredo Brañas. Pero foi un ano máis tarde cando a Corporación que rexía nese momento, presidida polo popular Joaquín García Díez, acordou excluír do expediente, a instancias dos titulares, varios predios sobre as que se levantaron actas de cesión a favor da Institución, reservándolles, a cambio, o aproveitamento urbanístico na futura reparcelación da vía.

Cando entrou en vigor o Plan de Xeral, os soares motivo do acordo pasaron a clasificarse como Sistema Xeral Viario en Solo Urbano, imposibilitando así que os seus donos puidesen exercer os dereitos urbanísticos. A Administración local procederá agora ao pago dos 433.922 € recollidos no ditame.

“A miña motivación é contribuir á mellora do benestar social”

Luís García Santalla é o presidente da Fundación CEL

Que é a CEL? De que se encarga?

En primeiro lugar, debemos diferenciar entre a CEL (Confederación de Empresarios de Lugo) e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo. A CEL é una organización empresarial multisectorial, nada no ano 1977 ao amparo da lei que permitía a libre asociación sindical e empresarial, e que dende entón aglutina ás asociacións empresariais e empresarios da provincia de Lugo que libremente queren pertencer a ela con obxecto de defender os seus intereses empresariais e tamén promover o desenvolvemento do tecido empresarial da provincia de Lugo, así como o desenvolvemento social e económico da provincia. No marco deste segundo obxectivo, a propia CEL promove no ano 1997, xunto con outras empresas e entidades, a creación da Fundación CEL cun obxectivo máis concreto, o de apoiar aos emprendedores cando dan os seus primeiros pasos, favorecendo así o fortalecemento do noso tecido empresarial e contribuído a xerar emprego e riqueza no noso entorno. Digamos que a Fundación CEL é o “brazo de Responsabilidade Social Corporativa” da CEL, a través do que apoiamos, con distintos servizos, programas e liñas de traballo, a creación e consolidación de novas empresas en Lugo.

Canto tempo leva funcionando?

Pois como indicaba na pregunta anterior, a Fundación CEL nace no ano 1997, concretamente no mes de xaneiro, así que xusto este ano facemos 25 anos de historia.

Como naceu esta iniciativa?

No marco do compromiso social da Confederación de Empresarios de Lugo e doutras entidades asociativas e empresas que tamén forman parte dela, nesa liña de traballo de incentivar o desenvolvemento económico e social do noso entorno, no noso caso en concreto amparando a creación de novas empresas en Lugo.

Que ofrece aos empresarios?

A CEL unha comunidade para a defensa dos seus intereses empresariais e a proposta de iniciativas propias para a provincia de Lugo, ao tempo que forma parte da confederación galega e da CEOE, co fin último de proporcionar sostén ó empresario e á empresa e tendo en conta que é dende esta dende a que se xera riqueza no noso país. Nesta liña a CEL representa e apoia os intereses das empresas de Lugo ante outros axentes sociais e entidades, ao tempo que presta servizos concretos de asesoramento xurídico, laboral, fiscal, en materia de axudas... que lles son de utilidade. Pola súa banda a Fundación CEL, que ten o obxectivo específico de apoiar as empresas

que están empezando, proporciona todo un abano de servizos que tratan de favorecer a supervivencia de novas ideas empresariais e iniciativas, pois é cando dan os seus primeiros pasos cando as empresas presentan máis dificultades.

Que é o que máis demandan as empresas?

No caso das que están empezando, que son coas que traballamos na Fundación CEL, servizos de asesoramento inicial para a posta en marcha, información de apoios e axudas públicas, formación en xestión empresarial. Hoxe día, ademais, o ecosistema de apoio aos emprendedores é moito máis complexo, inclúe entidades como a nosa que iniciaron a súa actividade con servizos de asesoramento básico e o programa de viveiro de empresas, e tamén aceleradoras, que inclúen programas de apoio máis intensivo que suman a participación de diferentes entidades públicas e privadas e ofertan dende actividades de formación e networking a financiamento e inversión en novos proxectos empresariais. A Fundación CEL formou parte nos últimos anos, de distinto xeito, de dúas aceleradoras promovidas pola Xunta de Galicia, entroutras entidades, ViaGalicia e BFAero. O amplo marco de apoio para a consolidación e despegue que ofrecen estas aceleradoras tamén é moi valorado polos emprendedores usuarios da Fundación CEL. Asemade fúmonos especializando e integrando e novas redes de traballo relacionadas coa innovación ou as cooperativas, como a Rede Eusumo, da que somos centro de referencia en Lugo para o asesoramento a novos proxectos de economía social.

Como se acolleu a recente nomenclatura como mellor viveiro de empresas de España?

Con satisfacción, evidentemente, porque é un respaldo a un traballo de moitos anos xa, que implica a todo o equipo humano da Fundación CEL, pero que tamén é un recoñecemento ás entidades e empresas que apoian esta labor de compromiso cos novos empresarios. Un recoñecemento que non é o primeiro, xa que aínda si que é a primeira vez que nos sitúan de primeiros na tabla, o viveiro de empresas da Fundación CEL xa apareceu en edición anteriores deste informe nos primeiros postos do ranking tanto nacional como autonómico. É tamén unha responsabilidade, para continuar prestando este servizo á sociedade da mellor maneira posible dende Lugo.

A que se cree que se debe este nomeamento?

Como xa decía, a un traballo de anos,

sostido no tempo, e que implica a moitas persoas e entidades. Pero tamén quizais no caso do noso viveiro esa boa posición no ranking nacional se deba a que neste estudo de FUNCAS se valora moi especialmente dos viveiros de empresas que non sexan soamente catro paredes e mobiliario para que os emprendedores monten unha oficina, senón que ofrezan servizos adicoinais como acordos de colaboración con outras empresas e entidades, servizos de asesoramento, apoio para conseguir financiamento, posibilidade de networking, entre outros, aspectos nos que a Fundación CEL destaca.

Cantas empresas forman parte?

Se se refire ao número de empresas que deron os seus primeiros pasos a través do programa de viveiros recoñecido por FUNCAS, ao longo dos anos naceron connosco xa preto dun centenar de empresas que xeraron máis de 600 postos de traballo directos. A esta actividade teríamos que sumar toda a que facemos de asesoramento a emprendedores que non chegan a ubicarse nos viveiros, a interesados en economía social a través da Rede Eusumo e, por suposto, o que facemos colaborando con aceleradoras como ViaGalicia ou BFAero.

Que hai que facer para formar parte deste colectivo?

Calquera que teña unha empresa ubicada en Lugo pode formar parte da CEL. A través da súa web www.cel.es ou chamando á entidade no 982231150. Pola súa banda, os emprendedores que precisen asesoramento poden dirixirse á web da Fundación CEL, www.fundacioncel.org ou ao teléfono 982284150 e solicitar cita.

Que beneficios ten formar parte da CEL?

Como xa comentaba en respostas anteriores, no caso da CEL pertencer a unha entidade que representa ante a Administración e outros axentes sociais os intereses dos empresarios de Lugo, pero que tamén presta diferentes servizos de información e asesoramento de utilidade para o día a día dunha empresa. No caso da Fundación CEL, a nosa ollada diríxese aos emprendedores, aos que empezan cunha idea empresarial, aos futuros emprendedores: a eles proporcionámoslles espazo físico para empezar, asesoramento nos trámites de constitución, formación, información sobre axudas, acceso a outros programas de aceleración e un longo etcétera de apoios.

Como afectou a Covid á actividade que realiza a CEL?

Moitísimo. Tanto a CEL como a Fundación CEL tiveron que adaptarse



con total rapidez as novas normativas que ían xurdindo, ao teletraballo e a atender ás empresas e emprendedores coa maior celeridade e eficiencia posible. Foi un reto resolto que nos ensinou novas ferramentas e fórmulas de traballo que quedan incorporadas ao día a día.

Houbo unha tendencia á baixa con respecto ao emprendemento por mor da Covid ou xa se está recuperando a actividade?

Sí, evidentemente os dous anos de maior impacto da pandemia, 2020 e 2021, vivimos un freo da economía a todos os niveis coa conseguinte destrución de empresas e, dado o altísimo nivel de incerteza, unha menor tendencia a emprender ou incluso o retraso en proxectos que se ían iniciar neses intres. Cremos que sí, que 2022 será xa un ano no que a actividade emprendedora empezará a normalizarse.

Como chegou a ser o presidente da Fundación CEL?

No ano 2008 propuxéronme dende a CEL esta tarefa e aceptei, porque a labor da Fundación CEL, do lado de novos talentos e de emprendedores, é sen dúbida moi satisfactoria.

Cal foi a situación máis complicada á que se tivo que afrontar como presidente da Fundación CEL?

Pois tanto a crise do 2008 como a crise do COVID19 que aínda estamos superando foron momentos difíciles, para todos en realidade. Para as empresas e para as entidades como a nosa. Pero despois da tempestade sempre ven a calma e hai que confiar en que as crises dan paso a novas oportunidades, como así está sendo.

E a máis gratificante?

Sen dúbida ver como empresas que tivemos ocasión de tutelar como Patatotas, Innolact, o Colexio Galén, Multisports Galicia, Pazo de Orbán, Grupo Agroamb... e un longo etcétera sobreviven ao longo do tempo e siguen xerando riqueza e emprego en Lugo. E tamén como van xurdindo outras (Legalmit, Innogando, Miramar Cruises, 3edata...) con moita forza e con grandes perspectivas de futuro e éxito. E que a Fundación CEL siga medrando a través de iniciativas como a Business Factory Aero, que fai a Lugo provincia punteira na atracción de talento e emprendedores nun sector tan especializado como é o aeronáutico.

Cal é a súa motivación para asumir o cargo de presidente?

Contribuír dalgún xeito á mellora do benestar social a través do apoio á creación de empresas dende a provincia de Lugo.



A Mosqueira locerá unha polbeira e terá árbores antialerxias



A escultura dunha polbeira presidirá a nova praza da Mosqueira, unha vez esté rematada. O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, presentou, xunto cos concelleiros Alexandre Penas, responsábel da concellería de Infraestruturas Urbanas, e Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, e cos artistas locais Honorio, escultor e Jorge Espiral, pintor, a primeira imaxe do traballo que se colocará na Mosqueira unha vez rematen os traballos de peonalización.

Rubén Arroxo destacou que esta intervención será “unha homenaxe a todas as polbeiras que se colocaban nesta zona cada feira de San Froilán”, e engadiu “esta escultura representará un anaco da historia de Lugo e unha homenaxe a todas as mulleres que rea-

lizaban este traballo”. A escultura definitiva realizarase en cobre e terá unha altura aproximada de 1.80 metros.

A nova praza da Mosqueira será un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e de ocio, na que se respectará a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira. O proxecto foi realizado co obxectivo de avanzar na mellora da percepción visual da Muralla, e a zona inferior, próxima á porta de San Pedro, conta cunha pavimentación novidosa en Lugo, que alterna céspede e baldosas. Tamén foron colocados árbores ornamentais da nova praza, da especie *Prunus globosa*, que non produce alerxias.

O PP acusa ao goberno de ocultar o borrador da ordenanza de urbanismo

O Partido Popular acusa ao goberno local de “ocultismo e de paralizar a cidade, despois de coñecer en comisión que tanto Lara Méndez como Rubén Arroxo séguense negando a facilitar o borrador da ordenanza de urbanismo que prometeron”.

“A pesar de todos os problemas que hai na concellería de urbanismo, problemas que derivaron en que no primeiro trimestre do ano duplicouse o prazo de resolución de licenzas, deixando unha situación moi preocupante como que no primeiro trimestre de 2022 pasaron por xunta de goberno menos da metade de licenzas que as resoltas en 2021, sendo os datos oficiais dentro do ámbito urbano que se pasou das 66 solicitudes tramitadas do ano pasado ás 29 do primeiro trimestre de 2022” afirman.

Antonio Ameijide explica que non é o único dato preocupante que chegou a mans dos concelleiros populares, xa que na liquidación do ano 2021 pódese comprobar como o goberno local tiña unha previsión de ingresos, en canto ao Icio, de 2 M€, pero a parálise á que somenten ao sector da construción provocou que as súas previsións quedasen en 1.144.539,39€, o 57%, “outro dato que pon en evidencia o bloqueo que provoca Lara Méndez na cidade”. O Partido Popular solicitará de novo por escrito acceso ao expediente para poder estudar o documento e tamén ter acceso ás achegas que o goberno local asegura que lle fixeron chegar diferentes colectivos, a pesar de que recoñeceron abertamente que non se reuniron con ningún representante do sector.

O edificio de Correos na zona da estación xa foi descatalogado

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de informar favorablemente a modificación puntual do PXOM na zona da estación de ferrocarril de Lugo para permitir a descatalogación do edificio de Correos.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolveu esta cuestión unha vez que o Concello de Lugo asumiu o criterio que a Xunta levaba anos defendendo, no sentido de que non se pode obviar que o planeamento urbanístico municipal considera este inmovble un ben protexido e hai que cambiar este punto da norma para poder derrubalo, algo que é responsabilidade do goberno local.

Deste xeito, salvarase un dos principais obstáculos que presentaba o deseño proposto no seu día por Adif para a materialización da estación intermodal de Lugo.

No proxecto de reforma do PXOM



achegado polo concello e autorizado por Patrimonio elimínase da ficha do Catálogo de bens protexidos o edificio de Correos, mantendo como elemento protexido o edificio da terminal de viaxeiros; este modifica a súa contorna de protección, xa que se recorta cara ao inmovble de Correos e amplíase cara á plaza-

forma ata ás vías, o espazo público de acceso e o almacén situado ao leste.

O proxecto alega que o edificio que se pretende derruír é unha construción posterior a 1977, ano no que foi publicada a súa construción, mentres que o da estación data de finais do século XIX.

Farán un paso de peóns intelixente entre o parque Marcos Cela e a Volta da Viña



Comezan os traballos de accesibilidade da cidade co fin de mellorar a comunicación entre o parque Marcos Cela co miradoiro de Volta da Viña. Farase mediante a instalación dun novo paso de peóns intelixente. Será o segundo paso lumínico, capaz de detectar a presenza de peóns, que se instale na cidade, logo do recentemente estreado na Rolda do Carme.

Xa se levaron a cabo os primeiros traballos co extendido dunha capa de aglomerado para a execución do badén sobre o que se sinalizará o paso de cebrá; posteriormente instalárase un novo cadro eléctrico na marxe dereita da calzada, en sentido descendente, no entorno do miradoiro; e, feito isto, procedérase a colocar nova iluminación e balizas

que mellorarán a seguridade tanto dos propios condutores, como dos péons e ciclistas —xa que pola zona transcorre a senda verde ciclista urbana—.

En efecto, o ámbito de actuación do proxecto conflúe coas obras da nova senda ciclista na rúa Santiago, actualmente en execución. Para conectar o miradoiro de Volta da Viña co parque Marcos Cela da forma máis segura posible exponse compartir un pequeno tramo do carril bici, alargando e reforzando a sinalización deste itinerario, para que tanto o ciclista como o peón poidan circular con normalidade.

Na actualidade non existe ningún tipo de comunicación entre o miradoiro Volta da Viña e o parque Marcos Cela.

Finalizan a limpeza da Muralla

Finalizaron as tarefas de limpeza da vexetación dos paramentos e o adarve da Muralla que se viñan desenvolvendo durante as últimas semanas. O monumento está listo para recibir nas mellores condicións aos turistas que visiten a cidade durante a Semana Santa. O tratamento realizouse de forma manual con ferramentas de corte aguzadas, para non arrincar as plantas máis arraigadas co fin de evitar o desprendemento de pedras e morteiro.

Tendo en conta o previsible crecemento da vexetación e o nivel de recuperación que se acade, pode ser aconsellable realizar outra limpeza no último cuadrimestre do ano, posiblemente entre setembro e outubro.

Renovarán o asfalto do Cemiterio

O Goberno vén de poñer en marcha o procedemento para renovar o asfaltado das entradas do cemiterio municipal, concretamente os viais que unen o cemiterio coa estrada de Esperante e coa Estrada Vella de Santiago, unha zona cuxo asfalto está xa moi desgastado.

A solución adoptada pola concellería de Infraestruturas consiste na aplicación dunha nova capa de rodadura, baseada en mestura bituminosa en quente cun espesor medio de 5 cm.

Adega paraliza a obra da esquina de San Roque

O colectivo ecoloxista quiere evitar que as obras afecten a bens declarados pola Unesco como Patrimonio Mundial

O secretario xeral de Adega Froilán Pallín Seco, anunciou que Adega con apoio do Foro do Camiño Primitivo, recorrerá ante o Tribunal Supremo a decisión do Tribunal Superior de Xusticia de Galiza (TSXG) de desestimar o recurso contencioso administrativo presentado por esta asociación fronte a aprobación do planeamento urbanístico aprobado polo Concello de Lugo en 2019 no quínteiro que fai a esquina da rúa San Roque co Carril das Flores (Camiño Primitivo), designado como quínteiro 214A no Plan especial de protección do Conxunto Histórico de Lugo (PEPRI).

A decisión de recorrer ao Tribunal Supremo fundaméntase nunha serie de irregularidades – parte das cales teñen a súa orixe na tramitación do PEPRI –, que o TSXG non valorou á hora de desestimar o recurso inicial, ademais de obviar un informe demoledor e contundente emitido polo ICOMOS que cuestiona dito planeamento.

Sen ter resolto as alegacións presentadas durante o verán de 1996, o Concello solicitou aos órganos da Xunta competentes en materia de urbanismo e patrimonio cultural os informes sectoriais, sen darlles conta de ditas alegacións, froito das cales o Concello introduciu posteriormente cambios na ordenación do PEPRI, sen sometelos a novos in-



formes da Administración Autonómica, a pesares da advertencia do secretario xeral do Concello, emitido o 26 de agosto de 1996. Entre tales cambios, alterouse a ordenación do quínteiro 214A, descatalogando as edificacións históricas que alí existían e permitindo o seu arrasamento e a reedificación do mesmo en base a unha edificabilidade moi superior á preexistente e totalmente desmesurada, vulnerando o artigo 8.3 da Lei autonómica 3/1996 do Camiños de Santiago, que dispoñía que “en todo caso, non se permitirán nas zonas laterais de protección nin na de protección do entorno

novas alineacións nin aumentos de edificabilidade”.

O planeamento aprobado en 2019 –modificación do PEPRI–, promovido por Hipólito SL, tramitouse novamente sen recadar informes preceptivos, e mesmo invadindo terreos ao propio ámbito do quínteiro, o que determina, seguindo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, a nulidade de pleno dereito de dita modificación.

Na sentenza que vai recorrer Adega omítese a análise e o axuizamento de boa parte dos fundamentos da demanda, obviándose tamén un recente informe emitido por ICOMOS,

sen ter en conta que a intervención desta Institución resulta fundamental naquelas actuacións que afectan a bens declarados pola UNESCO como Patrimonio Mundial, como é neste caso o Camiño Primitivo e a Muralla Romana.

UN NOVO GARAÑÓN. Tras presentar a demanda, en xullo de 2021, a raíz das actuacións realizadas dende o Foro do Camiño Primitivo, ICOMOS España emitiu un novo e extenso informe que se pronunciou de forma moi desfavorable sobre o planeamento aprobado, reprochando a actitude pouco respectuosa co

patrimonio cultural que caracterizou a evolución histórica da cidade de Lugo, e exemplificándoa no planeamento aprobado para o quínteiro 214A.

Así mesmo, a principios do presente mes de abril, a Real Academia Galega de Belas Artes emitira tamén un informe, por propia iniciativa, cuestionando igualmente a actuación urbanística que a promotora pretende executar neste punto tan importante da cidade.

A fin de evitar que se vexa comprometido o mantemento das declaracións da UNESCO que recaen sobre as Murallas Romanas de Lugo e o Camiño Primitivo, sería de esperar que o Concello de Lugo tomara debida conta destes últimos informes, revisando o planeamento aprobado para a esquina de San Roque, corrixindo todas e cada unha das deficiencias sinaladas e seguindo escrupulosamente as súas recomendacións.

“Aínda se esta a tempo, coa participación de todas as Institucións e axentes implicados, de alcanzar unha solución urbanística respectuosa cos bens patrimoniais afectados, e de evitar una indemnización millonaria como a que se espera no caso do Garañón. Canto máis lle vai custar á veciñanza de Lugo as decisións políticas deseñadas polos intereses privados?” concluía Adega.

Avanzan a bo ritmo as obras das Caldas do Miño



As obras das Caldas do Miño avanzan ao ritmo previsto. Comezaron no pasado mes de outubro e o prazo de construción é dun ano. O equipamento, que será de uso público y gratuíto, sitúase nunha extensión de case 400 m² dentro dunha parcela de 84.000 m² situada ao carón do Pazo de Feiras.

A estrutura levantada deixa ver xa as sete caldas, cinco de auga quente e dúas de auga fría, así como o edificio de baños e vestuarios. Actualmente xa se finalizou o

formigonado das piscinas e estase a recubrir de terra o entorno das mesmas, ao tempo que se executa a impermeabilización, traballos todos eles, que manteñen os máximos parámetros de eficiencia enerxética.

O obxectivo deste proxecto e crear unha nova dotación de recreo para os e das lucenses, que poderán gozar dunhas instalacións eficientes e modernas nun magnífico escenario natural como é a contorna do Miño.

Arranca a obra de peonalización da Calzada da Ponte Romana

Comezaron as obras de peonalización e humanización da Calzada da Ponte, unha actuación de rexeneración e recuperación dos traxectos e espazos que van desde a Ponte Romana ata a rúa Santiago, unha das zonas de maior riqueza patrimonial e histórica xa que coincide na súa totalidade co Camiño Primitivo e parte da Vía Romana XIX.

A obra, que durará doce meses, afecta a 640 metros de lonxitude, vese afectado polas áreas de protección da Ponte Vella, as Termas Romanas do Balneario, o Camiño de Santiago e a Vía Romana, polo que foron necesarios os informes e permisos de Patrimonio da Xunta e da Confederación Hidrográfica “o que alargou no tempo máis do que nós desexabamos esta actuación”, indicou a rexedora.

A intervención abarca a explanada diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso desde



o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, así como o viario cara o Balneario, aínda que non se chegará ata as termas porque Patrimonio da Xunta de Galicia non o autorizou.

Coa peonalización reducirase o paso de vehículos por este itinerario, reducindo os niveis de contaminación medioambiental e acústico, que axudará á posta en

valor desta riqueza patrimonial e mellora da calidade de vida da veciñanza, “senón porque é unha zona onde de paso de numerosos peregrinos e turistas que visitan a nosa cidade”, di a alcaldesa Sinalou, así mesmo, que o estacionamento dos residentes está garantido porque tamén se deixan prazas para as vivendas que non dispoñen de garaxe e, polo tanto, de vao.

O PP solicitará no pleno melloras na accesibilidade das zonas verdes da cidade

O Grupo Municipal do Partido Popular pedirá no pleno da próxima semana que o Concello de Lugo elabore un plan de accesibilidade ás zonas verdes da cidade que garanta que as persoas con discapacidade poidan desfrutar da riqueza das nosas zonas verdes. Explica Macamen López Silva que nun paseo polas distintas zonas verdes da cidade, pónse de manifesto o mal estado dos accesos ás mesmas. Obstáculos no chan ou pendentes de acceso moi pronunciadas fan que estas

contornas naturais sexan inaccesibles para aqueles usuarios de idade avanzada ou con limitacións de mobilidade. Nunha revisión realizada pola concelleira popular comprobouse como algún espazo que dispón de aparatos de ximnasia biosaudable, e outros que serían susceptibles da súa instalación e que suporían un bo reclamo para usuarios destas características, non se poden usar debido ao abandono e á falta de previsión, “polo que son inaccesibles para estas persoas”.

O Concello remitiu á Xunta o estudo de detalle da Casa Torre ou Hospital de San Miguel

A área de Sostibilidade Urbana remitiulle á consellería de Medio Ambiente a resposta de validación en positivo do estudo de detalle da Casa Torre ou Hospital de San Miguel unha vez que os servizos técnicos municipais comprobaron que a Xunta incluíra as últimas modificacións solicitadas desde o Concello, “cambios que os nosos servizos lle requiriron co fin de respectar o carácter singular da edificación”, segundo avanzou a concelleira Paula Alvarellos. A edil lembrou que a Xunta solicitou a licenza para recuperar a Casa Torre sen presentar o estudo de detalle, que é obrigado para poder conceder este permiso de obra. “É a agregación das unidades edificatorias que integran o inmovible o que debía recoller este estudo, os números 32 e 34 da rúa Rinconada

do Miño”. Lembra que “o Concello debe velar porque se rehabiliten estas edificacións segundo toda a normativa de protección do patrimonio e respectando a súa estrutura, e máxime cando falamos de que é o único conxunto medieval desta tipoloxía que se coñece na cidade”, sostén, e destaca que “unha das edificacións se encosta directamente ao lenzo da Muralla e posúe unha escaleira interior paralela e que permite recuperar a conexión”. O Concello envioulle á Xunta a resposta aos últimos cambios introducidos nun prazo menor de quince días, “porque estamos intentado acelerar e axilizar o proceso, mantendo sempre o contacto coa Consellería pola importancia que ten para a cidade que o Goberno galego recupere este espazo da súa propiedade tras anos de abandono”.



PARQUE INFANTIL. Remataron as obras de mellora e renovación do parque infantil da Avenida das Américas, logo de que se colocara un novo pavimento de caucho en todo o perímetro, así como a instalación dun novo xogo para as nenas e nenos máis pequenos. Trátase da primeira área de xogos infantís da cidade que conta cun pavimento destas características e marcará unha liña a seguir para futuras intervencións.

Aprobada en Xunta de Goberno a urbanización da Quinta de Pérez

A Xunta de Goberno aprobou inicialmente o proxecto para desenvolver a urbanización e ensanche do treito da Quinta de Pérez no que conflúen as rúas Otero Pedrayo e Río Sil; un ámbito de titularidade privada que aínda non fora executado na súa totalidade e que carece, nunha das dúas marxes, de beirarrúas e de parte da calzada. O Concello aplaudiu o paso dado pola iniciativa privada para acondicionar este enclave o que se traducirá nunha mellora da accesibilidade en toda a zona que favorecerá o tránsito peonil. A actuación deseñada permitirá resolver a continuidade dos itinerarios que comunican estas dúas vías pero xa nunhas condicións dignas de urbanización, con todos os servizos de abastecemento e saneamento, mellorando notablemente o estado do pavimento actual, as dimensións da calzada, e tamén as dotacións de iluminación o que redundará nunha maior seguridade, especialmente en horario nocturno. A intervención servirá tamén para ordenar a oferta de prazas de es-



Presentación do proxecto da Quinta de Pérez aos veciños

tacionamento existentes na zona, minimizando os espazos residuais e erradicando así puntos insalubres ou degradados, o que se imbrica no espírito que impulsamos dende o Executivo para acadar unha cidade máis integradora e habitable. A urbanización posibilitará a incorporación ao viario público de novos espazos de convivencia que puiden estar ligados a novas actividades económicas ou de espaxamento, susceptibles de establecerse nos aproveitamentos lucrativos da con-

torna e que, para a súa implantación, precisaban desta urbanización. A materialización destas obras, que teñen un custo de 160.000 euros e dispoñen de 6 meses de prazo de execución, outorgaranlle a este punto da capital unha dimensión máis amable e comfortable, unha dimensión pola que avoga a estratexia municipal e coa que se pretende contemplar todas as necesidades reais, cotiás e variadas da cidadanía, abandonando as anteriores tendencias máis uniformes e tradicionais.

García Portela e a praza de Avilés contarán con novo alumeado

O concelleiro de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas, informou da última actuación que está a executar o Goberno de Lugo avanzando na renovación da rede de alumeado público, que se está a executar na rúa García Portela e na praza de Avilés. En total, substituiranse 35 luminarias de 100W, por LEDs de 53, permitindo un importante aforro enerxético nesta zona. Alexandre Penas explicou que “con esta actuación avanzamos na mellora da rede de alumeado público da cidade e melloramos do mesmo xeito a imaxe desta zona”, e engadiu “avanzamos na instalación de alumeado LED de baixo consumo, que permite unha boa capacidade lumínica reducindo o consumo enerxético e as emisións de substancias contaminantes emitidas á atmosfera pola rede de alumeado público da cidade”. **AVENIDA DAS AMÉRICAS.** O tenente alcalde, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas e a concelleira de Participación, Cristina López, visitaron o inicio da segunda fase da renovación do alumeado público da avenida das Américas. Rubén Arroxo destacou que “con esta nova inter-



Visita do tenente de alcalde nacionalista a García Portela

vencción completamos os traballos iniciados o ano pasado, coa renovación da primeira fase da rúa”. O Tenente Alcalde explicou que o alumeado actual “ten en moitos casos máis de 20 anos, e as luminarias son de vapor de sodio, un elemento altamente contaminante”. O novo alumeado estará baseado en luminarias LED, “o que permitirá avanzar na ampliación das luminarias de baixo consumo na rede de alumeado público municipal”. Os traballos executaranse no último treito da Avenida das Américas, estendéndose ata a ponte que conecta a rúa coa N-VI e nas rúas Pomar e Ameneiro, e consisten na substitución das luminarias antigas, con consumos de

entre 150 e 400W, por novas luminarias LED con consumos de entre 73 e 236W. Esta actuación permitirá reducir o consumo do alumeado eléctrico desta zona en preto de 3.000 W, o que suporá deixar de emitir 4.7Tn de CO2 á atmosfera. Arroxo explicou que “seguimos traballando para mellorar o alumeado público, aplicando a perspectiva de xénero para reducir zonas escuras nos distintos puntos da cidade, ao mesmo tempo que reducimos a factura da luz que paga o Concello, o que nos permite avanzar de cara a unha cidade máis ecolóxica”. Esta nova actuación supón un investimento de 231.702,90€, e os traballos teñen unha duración de 14 semanas.

Zero: Corazón verde é o anteproxecto para a peonalización do Casco Histórico de Lugo

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, presentou o anteproxecto Zero: Corazón verde, co que vai acometer a peonalización do 15% do recinto do Casco Histórico aínda pendente e que o converterá nunha Zona de Baixas Emisións (ZBE), áreas que pretenden mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro e que os concellos de máis de 50.000 habitantes están obrigados a activar no 2023.

As intervencións previstas serán tres. Actuarase nas prazas do Ferrol e San Fernando; entre a Porta de Bispo Odoario (Hospital) e Praza do Ferrol, nas rúas Montevideo, Bolaño Rivadeneira, Ramón y Cajal, Quiroga Ballesteros (entre Bolaño Rivadeneira e San Froilán) e Amor Meilán (entre Quiroga Ballesteros e San Fernando),



e na Praza de Santo Domingo e rúa Teatro.

O obxectivo é reducir un 40% as emisións destas zonas derivadas do tráfico rodado, que ascenden a unha media de 409,71 toneladas de CO₂ ao ano provocados polos máis de 37.000 vehículos que transitan por

elas cada semana.

A rexedora apuntou que deseñamos a peonalización “para mellorar a calidade de vida da veciñanza, pero tamén a proxectamos para destacar e por en valor a beleza e a relevancia dos elementos arquitectónicos, escultóricos e históricos máis em-

blemáticos e impulsando os espazos públicos para un maior uso dos mesmos co fin de encherlos de vida con áreas de estancia, ocio e lecer diferentes, e potenciando os usos comerciais e hostaleiros para dinamizar social e economicamente o Casco Histórico”.

Con este fin, apuntou Lara Méndez, “pedímoslle ao gabinete de arquitectos que tivese en conta, a singularidade dos espazos e dos seus edificios, os seus antecedentes históricos, a intensidade de tráfico e a coexistencia dos usos comerciais, institucionais, empresarias e de ocio”, polo que desenvolveron un estudo da paisaxe urbana e das zonas máis tensionadas pensando tamén nunha transformación respectuosa coa historia e o patrimonio”.

Investiranse 221.427 euros na mellora de Rafael de Vega

O tenente de alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, visitou a rúa Rafael de Vega xunto con veciñas e veciños da zona. Rubén Arroxo explicou que “con esta actuación atendemos a unha solicitude da veciñanza da zona, e durante todo o proceso estamos a ter en conta as necesidades das veciñas e veciños para garantir o mellor resultado posíbel, mellorando a zona da man de quen mellor a coñece”.

“Trátase dunha zona da cidade que conta con moita poboación e

que ata o de agora non tiña zonas adicadas ao uso e desfrute da veciñanza”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “desde o Goberno de Lugo seguimos traballando en crear zonas para a veciñanza, como as xa feitas no Sagrado Corazón e en Río Sil, ou as que se están a planificar nos distintos barrios”.

O proxecto da nova zona peonil foi elaborado pola área de Mobilidade e Infraestruturas mantendo xuntanzas coas veciñas e veciños da zona, contando co seu apoio e tendo en conta as súas necesidades.

Veciños do Castiñeiro contarán cunha nova pista deportiva

Os veciños do Castiñeiro mantiveron unha xuntanza coa alcaldesa de Lugo, onde se lles anunciou o inicio na vindeira semana das obras de execución dunha nova pista deportiva, que se localizará nunha parcela de titularidade municipal de case 800 metros cadrados, sita entre Juana la Loca e Ramón Piñeiro. “Con esta actuación lle damos resposta a unha demanda que nos fixeron os mesmos nenos e nenas que viven e xogan no barrio durante as visitas que realizamos a esta zona”, comentou.

As instalacións, ao aire libre e de

uso público e gratuíto, disporán de céspede artificial e contarán cun peche perimetral. “O obxectivo con esta actuación é avanzar nos plans de mellora da calidade de vida dos máis novos a través de impulsar un lecer máis vinculado coa actividade deportiva e hábitos saudables”, sostivo a rexedora, quen lembrou que o Goberno está a realizar “unha aposta importante para mellorar os equipamentos deportivos do municipio e para crear novas dependencias”.

Se investirá nesta actuación 48.380 euros e que o prazo de execución será de dous meses e medio.

O Mitma adxudica as obras da glorieta de conexión entre a N-VI e a rúa Alfonso X

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) adxudicou, por un importe de 432.787 euros, o contrato de obras para a construción dunha glorieta de conexión da estrada N-6, no km 498,800, coa rúa Alfonso X O Sabio, na cidade de Lugo.

Esta actuación requiriu a transmisión de titularidade de terreos pertencentes ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial de Lugo. O acto de formalización da cesión de terreos tivo lugar o 7 de xuño de 2021, contando coa presenza do entón secretario xeral de Infraestruturas, Sergio Vázquez Torrón, a alcaldesa Lara Méndez, e o presidente da deputación, José Tomé Roca. Previamente, no mes de maio, Mitma aprobou o proxecto de construción.

Esta actuación inclúese dentro do programa de conservación e mantemento da Rede de Estradas do Estado, no que Mitma investiu máis de 85 millóns de euros desde xuño de 2018 na provincia de Lugo.

O obxecto do proxecto é substituír a actual intersección en T por unha nova glorieta entre a N-6 e a rúa Alfonso X O Sabio, cunha configuración máis propia da contorna periurbano en que se sitúa. Con iso espérase unha mellora da seguridade viaria na zona, ao facilitar os movementos de entrada e saída na cidade pola N-6.

O proxecto contempla a execución da chaira para a nova glorieta, estendido de firme, drenaxe lonxitudinal, sinalización, balizamento e sistemas de contención. Ademais, prevese a reposición de camiños agrícolas afectados e o despregamento de medidas de corrección ambiental.

O PP lamenta o aprazamento da inauguración do Auditorio de Magoi ata febreiro de 2023

O Partido Popular lamenta que a alcaldesa de Lugo “por fin recoñeza, de forma pública, cal é a súa estratexia para o novo Auditorio de Magoi: inauguralo a efectos electorais en febreiro de 2023, sen ningún tipo de programación e sen saber como vai xestionar esta infraestrutura”.

Esta é a lectura que fan no Grupo Municipal Popular sobre as declaracións de Lara Méndez de que se vai a programar un acto para celebrar que Lugo será o próximo ano capital cultural do Eixo Atlántico.

O portavoz popular Ramón Carballo afirma que “o PSOE vai ao seu, a vender unha imaxe sen im-

portarlle nin o máis mínimo como vai manter o edificio, como se vai a xestionar e que contidos vai ter” lamentado que “a pesar dos intentos que fixemos de tenderlles a man para acordar todas estas cuestións déronnos, tanto desde o PSOE como desde o BNG, a calada por resposta”.

Desde o PP explican que “non sorprende este anuncio xa que no plan de contratación do concello para este 2022 non aparece contemplada nin unha soa partida para a súa posta en funcionamento” lembrando como “xa con anterioridade tampouco se reservou nin un só euro para este exercicio nos orzamentos municipais”.

Ciudadanos insta a aprobación da ordenanza sobre publicidade exterior

A voceira do grupo municipal de Ciudadanos, Olga Louzao, denunciou o inadmisíbel atraso na aprobación da ordenanza que regula a instalación de publicidade exterior. “O noso grupo presentou no 2015 unha proposición refrendada polo pleno para acabar coa colocación indiscriminada de valos publicitarios e regular o seu uso dentro do noso municipio. Sen embargo, sete anos despois segue sen estar aprobada. E non solo isto, se non que os membros do Goberno, como o Concelleiro de Deportes, Mauricio Reppeto, presumen desta falta de regulación ao enorgullecerse que deixan en mans dos clubs deportivos a xestión de la publicidade sen



ningún tipo de regulación, o que supón unha ilegalidade manifesta. É inadmisíbel a inacción deste Goberno e a súa falta de celo non cumprimento da legalidade”, sinalou a voceira da formación laranxa. Louzao explicou que durante o pasado mandato o Goberno local anunciou a súa elaboración, que

sen embargo segue sen ser unha realidade a día de hoxe.

O grupo municipal de Ciudadanos considera que a falta de vontade política do Goberno municipal está a xerar importantes consecuencias, tanto para os anunciantes, que carecen de seguridade xurídica, como para os veciños de Lugo.

Ciudadanos denuncia a falta de actualización no portal web de Evislusa

O concelleiro de Ciudadanos, Juan Vidal-Pardo, denunciou a situación de abandono na que se atopa o portal web de Evislusa, a empresa municipal para desenvolvemento urbano e da vivenda. “Acceder á web de Evislusa en busca de información de interese cidadán constitúe un acto desolador. Contamos cun espazo virtual que non achega ningún tipo de información útil aos veciños. É inaceptable que careza de información actualizada en aspectos tan demandados por parte da cidadanía como as axudas municipais ao alugueiro, axudas de rehabilitación ou axudan a mellora da eficiencia enerxética. Esta ausencia de información non se compensa con outra información noutros espazos como o portal web municipal”, asegurou o concelleiro da formación laranxa. “Solicitamos ao Goberno local que enmende este desastre e que facilite a información de interese relacionado con vivenda e chan a través desta canle de forma urxente. Non podemos continuar así. Non nos esquezamos que á web de Evislusa accédese directamente desde o portal web municipal, é dicir, é a canle no que debería estar toda esta información sobre vivenda e chan. A situación é tan lamentable que aínda aparece o cadro de organización Daniel Piñeiro como vicepresidente.”, concluíu.



O concelleiro nacionalista, na rúa Arco

Invisten na mellora da rúa do Arco e o Camiño de Sisulles

O goberno de Lugo iniciou o procedemento para renovar a rúa do Arco e o Camiño de Sisulles, no Ceao. Penas explicou que “son dúas rúas moi utilizadas polas traballadoras e traballadores desta zona do polígono do Ceao, que se atopan nun estado moi avanzado de desgaste”, e engadiu, “desde o Goberno de Lugo continuamos a traballar en garantir a mellor calidade nas instalacións públicas das zonas industriais de Lugo”. Na actualidade, o firme destas rúas atópase nun estado de desgaste avanzado, o que fai necesario repa-

vimentar para garantir a correcta funcionalidade da vía. Os traballos a executar consistirán na limpeza da vía, que continuará co bacheo superficial da banda de rodadura actual, e instalarse unha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, cun espesor medio de 5cm, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, adaptaranse os rexistros á nova cota da vía e renovarase a sinalización horizontal.

O Muíño de Olga será centro de exposicións



A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), finalizou a proba de carga nas instalacións de O Muíño de Olga, como paso previo ás obras de rehabilitación do edificio. “Estes traballos están enmarcados no proxecto de rehabilitación e mellora do Muíño de Olga e da súa contorna, recuperando un espazo natural e patrimonial para a cidadanía lucense. Procederáse á mellora e rehabilitación do espazo interior, á demolición da estrutura metálica situada ao sur do edificio principal e da terraza situada ao oeste, substitución de varandas de ferro e recuperarase unha roda de muíño para o interior, entre outras actuacións. A idea é adecuar o propio edificio para o seu uso como centro de exposicións vinculadas co río Miño, dotándoo con paneis informativos

achega do funcionamento dun muíño de auga, o papel das aceas e pesqueiras, historia ligada ao leite, etc., todo iso co interese de crear un espazo educativo e lúdico de recreo para locais e visitantes Executouse unha proba de carga, con piscina de auga. Ademais desta, realizáronse ensaios da capacidade resistente do formigón que compón a lousa, catas para establecer e caracterizar a armadura de aceiro, con especial mención ao establecemento do tipo de aceiro, diámetro e distribución das armaduras na lousa de formigón, tanto na cara inferior como na superior, entre outros ensaios e probas, cuxo resultado foi positivo e por tanto o comportamento da edificación axústase sen problema algún aos parámetros de uso requiridos.

Nace no barrio do Carme o proxecto Coliving artístico



O proxecto de rehabilitación do edificio

Presentouse en Lugo o proxecto de rehabilitación dun inmobile municipal no Carme, situado a pé do Camiño Primitivo, que se converterá no primeiro coliving artístico de carácter municipal de España, e que incluírá, ademais, a execución dunha nova edificación como área expositiva e a recuperación de 3.000 metros cadrados de infraestruturas verdes ao seu carón co fin de xerar tamén un espazo de uso para toda a cidadanía lucense e unha zona cultural aberta que poida albergar unha programación propia. O coliving é unha fórmula que supera aos espazos clásicos de emprendemento, os coñecidos como coworking, xa que, neste caso, os artistas, ao mesmo tempo que comparten lugar de traballo para desenvolver o seu proxecto creativo,

compartirán vivenda e experiencias durante un tempo. Ademais, grazas a situarse en pleno Camiño Primitivo, os creadores conectarán cunha contorna patrimonial de gran valor e inspiración, Patrimonio da Unesco, así como cos peregrinos que o percorren. Os obxectivos desta iniciativa, que se enmarca na estratexia DUSI Muramiñae de unión da trama urbana co Miño, serán darlle unha oportunidade aos talentos lucenses, potenciar o emprendemento en iniciativas culturais e utilizar a creación como medio de expresión e nexo entre o patrimonio histórico-cultural de Lugo co pensamento e a sociedade, así como revitalizar o Camiño Primitivo e o turismo de calidade e experiencias que esta vía de peregrinaxe atrae a Lugo.

Comeza a remodelación dos xogos do xardín de San Roque



Comezaron os traballos de remodelación da área de xogos sita nos xardíns de San Roque. Un espazo que se pretende modernizar, mudando completamente a súa configuración e mellorando o mobiliario urbano que contén, que será atractivo, versátil e integrador xa que inclúe elementos novidosos, accesibles tamén para crianzas con diversidade funcional. Os labores están cuantificados en 42.000 euros, que se realizan con cargo ás melloras do contrato de mantemento das áreas de xogo in-

fantís da cidade. Toda a zona disporá de chan continuo de caucho – máis cómodo e seguro – e irá pechada cun valado de madeira. Todo completamente novo o que mellorará substancialmente no só a área de xogos senón a confortabilidade de todo o xardín. A actuación, que arrincou no día de onte, terá un prazo de execución aproximado de un mes, pasade este tempo procederase a desenvolver melloras nas instalacións situadas na rúa Río Mandeo.

A Xunta recibe ofertas para as 13 parcelas do Polígono das Gándaras

A Xunta acaba de iniciar a análise para a adxudicación de 13 parcelas do parque empresarial das Gándaras, en Lugo, que suman case 44.000 m2. O 30 de marzo pechou o prazo para a presentación de propostas para a adquisición de solo empresarial neste polígono no marco do concurso convocado en febreiro, polo que agora o IGVS está a analizar as ofertas. En total, as parcelas polas que existe interese suporían un investimento de 2,7 millóns de euros, xa aplicada a bonificación do 50%. Cómpre lembrar que no concurso deste ano dispuxéronse catro modalidades de compra das parcelas: adxudicación con prezo bonificado, en dereito de superficie, en alugueiro e en compravenda con pago aprazado, esta última por primeira vez. Tras a formalización dos contratos de adxudicación do concurso, o solo dispoñible no polígono das Gándaras e no resto de parques poderá adquirirse nas mesmas condicións da última convocatoria deste procedemento.

AO NOSO CARÓN

friol

Friol e A Castronela volven ser castrexos

A vila acollerá a fin de semana do 7 e 8 de maio unha nova edición do Friulio

O Concello de Friol e a Asociación de Recreación Histórica A Castronela organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 7 e 8 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas.

Nesta cuarta edición da festa volverán participar diferentes asociacións castrexas e romanas chegadas de toda Galicia e tamén de outras comunidades de España, que forman parte activa en eventos de interese turístico internacional, nacional ou galego, como o Arde Lucus, as Guerras Cántabras ou as Xornadas de ambientación e reconstrución histórica de Numancia.

En total este IV Friulio contará coa participación de máis de 25 asociacións

de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 400 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica.

As actividades principais da festa volverán estar ubicadas en torno ó paseo fluvial, co establecemento do castro galaico, onde se manterá a recreación de oficios, e o campamento romano. Ambos asentamentos son os grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 10 da mañá do sábado ata as 8 do serán do domingo.

O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun castro ata a elaboración do pan que utilizaban as milicias romanas nos seus

desprazamentos, a elaboración do queixo de Friol, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de fiado, teas e complementos, orfebrería, chaveiros, tiro con arco e xogos populares.

O asedio ao castro volverá ser o momento máis espectacular do Friulio, onde se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. Outras representacións desta edición serán a escaramuza castrexo-romana, o descenso en balsa do río Narla, o enterro celtíbero como peche o sábado á noite e a voda celta o domingo pola mañá, ademais de outras escenificacións como A muller en Roma, El marido chafado ou Liorta polo tesouro do castro.

Todas estas actividades levaranse a cabo integramente na vila de Friol,



ocupando diferentes ubicacións como as inmediacións do centro e do paseo fluvial, a avenida de Santiago ou a praza de Andón Cebreiro. Para incentivar a ambientación da vila, desde o Concello de Friol vólvese convocar o concurso de escaparatismo e fachadas.

A música volve ter unha grande importancia este ano, coa actuación de diferentes grupos folk en distintos puntos da vila, como Xesta Verde,

Tympana Gallaica ou Os Melidaos. Na noite do sábado actuarán recoñecidos grupos como Las Antonias, Carlos Bau, La Banda del Camión ou DJ Expósito.

E a gastronomía tamén terá un papel protagonista, coa degustación de porco celta ao espeto o domingo. Finalmente, o veciño de Friol e director do CPI Doutor López Suárez, Felipe Barata, será condecorado como Persoeroiro de Honra deste IV Friulio.

O colectivo detrás da festa

Falar de Friulio é falar tamén da Castronela, a asociación que lle da vida a esta celebración histórica.

Son moitas as asociacións que se achegan ata Friol para participar neste evento pero destaca entre todas a Castronela, originaria de Friol e que ten unha ampla actividade durante todo o ano, actividade que se viu mermada, como todos, durante os últimos anos de covid.

Sen embargo as orixes da Castronela non veñen co Friulio, nace da inqueda dun grupo de familias que no ano 2014 xuntáronse para poder celebrar unha festa totalmente esquecida no pobo, o Samaín. Para iso, organizaron distintos talleres no enclave da Torre de San Paio de Narla. A idea foi máis que ben acollida e as gañas de repetir quedaron tan

claras que ao ano seguinte fundan a asociación A Castronela, co obxectivo claro de “axudar á dinamización cultural e social do pobo aportando e os nosos coñecementos dentro da recreación”, explica o presidente do colectivo José Antonio, coñecido como Viña.

Así seguiron facendo distintas actividades, sumando as aportacións de membros doutras asociacións culturais ás que se realizan durante todo o ano. A todo isto súmanse a realización de talleres, charlas, conferencias, saídas a distintos enclaves culturais, etc, coa fin sempre de por en coñecemento “a nosa cultura, os nosos os bens culturais cara”, sen esquecer as visitas a outros concellos “que tamén nos aportan moito”, indican dende a asociación.

Actualmente A Castronela está formada por 140 socios, entre os que participan equitativamente homes, mulleres e nenos, que non deixan de apuntarse a cada unha das actividades que se organizan para “medrar culturalmente”.

Pero a actividade da Castronela xa comeza antes de celebrar a festa para ter todo listo para a gran fin de semana do Friulio, no que realizan, en colaboración co Concello, talleres de confección de coiro, de cestería e mesmo de elaboración de pan. Pero o máis destacado do programa non deixan de ser as recreacións entre castrexos e romanos, na que participan máis de vintecinco asociacións tanto de Friol como doutros lugares, principalmente da provincia de Lugo, aínda que tamén acoden á chamada



do Friulio, colectivos da Coruña, Cantabria o mesmo Soria.

“Este Friulio que se vai a levar a cabo constitúe un novo renacer dado que durante dous anos todas as actividades culturais ou practicamente todas tiveron que ser suspendidas polo que esperamos que nesta edición contemos con moitos visitantes que podan darnos esa difusión que precisamos para poder continuar con to-

dos os proxectos que dunha maneira ou outra se viron afectados”, lembra Viña.

A asociación A Castronela agradece ao Concello de Friol “a confianza depositada en nós para ser novamente organizadores do Friulio e sobre todo darlle as grazas á veciñanza que una vez máis e pese a todo o pasado estanos a apoiar e animar a seguir cara adiante”, conclúen.



JOSÉ MARÍA VARELA. O Concello de Friol, representado polo seu alcalde, Jose Ángel Santos, e parte da súa corporación, quixo facer unha pequena homenaxe ao que fora alcalde de Friol, José María Varela Guerreiro. A este acto asistiu gran parte da familia do defunto alcalde, entre os que se atopaban a súa viúva, Carmen Castiñeira, as fillas, Carmen e Lourdes Varela, e os seus netos, María, José e Manuel Maseda.

A Feira do Queixo xa é Festa de Interese Turístico de Galicia

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia varias celebracións como a Festa da lamprea Seca de Arbo, a Festa da Malla Tradicional de Lalín, a Feira do Viño de Pantón e a Feira do Queixo e do Pan de Friol.

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas, e tras os trámites

preceptivos, infórmase favorablemente ao cumprir os requisitos exixidos, como a singularidade, o valor cultural, o arraigo da festa, a creatividade e innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e para a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes ou o adecuado coidado das contornas urba-

nas, monumentais ou paisaxísticas onde se desenvolve.

En Friol, na segunda quincena do mes de marzo, celébrase anualmente a Feira do Queixo e do Pan, co obxectivo de homenaxear e preservar a tradición local de elaboración do queixo e do pan, así como rememorar o costume antigo das feiras que tiñan lugar no Concello de Friol.

o corgo

A carreira Correndo pola Vía Küinig terá lugar o 9 de xullo

Os Concellos de Baralla e O Corgo e a Asociación Cultural Vía Küinig organizan a I Carreira Correndo pola Vía Küinig. A proba organizarase o próximo sábado 9 de xullo, con saída dende a Casa do Concello de Baralla e meta no Castro de Castrillón do Concello de O Corgo. O circuito será de 18 km sobre pistas de terra na súa maioría, e estará controlado por vehículos da organización.

A proba estará aberta a tódolos atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende a meta no Castro de Castrillón do Corgo ata á saída na Casa do Concello de Baralla tanto antes do comezo da carreira coma ao finalizar a mesma.

O servizo de autobuses comezará ás 16.30 horas, sendo o último servizo ás 17.15 horas.

A inscrición pode realizarse ata o martes 5 de xullo ás 23.59 horas a través da páxina web www.carreiras-galegas.com.



Os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta recibirán un trofeo. Haberá un premio en metálico de 150 euros para o primeiro clasificado, de 100 euros para o segundo clasificado e de 75 euros para o terceiro.

Ademais, tamén se fará entrega dun trofeo conmemorativo ao primeiro home e a primeira muller empadroados nos Concellos do Corgo e de Baralla.

O BNG demanda a mellora da rede móbil nas parroquias

O Bloque Nacionalista Galego demanda ao Goberno do Estado actuacións no Concello dentro do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión-Banda Larga. A organización nacionalista rexistra preguntas para coñecer que actuacións se realizarán para mellorar a conexión no concello, e dar cumprimento á normativa sobre o servizo universal que se debe garantir en todos os núcleos

de poboación. Asemade, os nacionalistas demandan realizar as modificacións lexislativas necesarias para asegurar que unicamente se poida facturar ás persoas usuarias polo servizo prestado.

Explican que a fibra óptica só chega a unhas poucas parroquias e, aínda neses casos, establécese a conexión de forma irregular. Na maioría resulta imposible a comunicación telefónica ou conectarse a internet.

Os Cinco Ríos promove un curso de cerámica

A Asociación de veciños Os Cinco Ríos no Corgo promove un curso de iniciación á cerámica. Esta actividade realizarase nos meses de maio e xuño os sábados de 19.00 horas a 21.00 no centro sociocultural.

As prazas son limitadas, cubrindo un máximo de 10 persoas. Para realizar a inscrición será preciso poñerse en contacto coa asociación a través dos números de teléfono 648 063 894 ou 676 923 214. O prezo da actividade será de 25 euros ao mes tanto parra socios como non socios.

Os participantes familiarizaranse co material e as distintas técnicas para traballalo. Durante o curso, realizaranse unha serie de pezas sinxelas que motivarán a creatividade de cada alumno.

Os cinco ríos é unha asociación de veciños a nivel municipal integrada por todas as parroquias do Corgo. Púxose en marcha co fin de impulsar distintas propostas, promover actividades e fomentar calquera movemento de interese para os veciños.

castroverde

300 euros en premios co II Certame de Poesía polo Día das Letras Galegas

O Concello de Castroverde convoca o II Certame de Poesía co gallo do Día das Letras Galegas de 2022. A finalidade do certame de poesía é fomentar o uso e o prestixio da lingua galega, así como a de dinamizar o uso escrito do galego a través da expresión artística e a creatividade. As obras deberán presentarse na modalidade literaria de poesía e deberán estar escritas de maneira íntegra en lingua galega.

Os poemas serán orixinais, inéditos e non premiados noutros certames. O tema será libre a elección das persoas participantes.

Poderán participar no certame todas as persoas de calquera idade que así o desexen.

Haberá un premio de 100 € por cada categoría. Existindo categoría infantil (ata 12 anos), xuvenil (de 13 a 17 anos) e categoría adulta (de 18 anos en adiante). Só se poderá presentar unha obra por participante.

As obras presentaranse mecanografiadas por unha soa cara, con interliñado de 1,5 e formato de fonte Times New Roman, tamaño 12. A extensión máxima dependerá da categoría na que se presente, desta forma, na categoría infantil o máxi-

mo serán 40 versos, na xuvenil 60 versos e na adulta 80 versos. Non é obrigatorio que as estrofas teñan rima. O prazo de presentación será ata o martes 17 de maio.

O xurado valorará a orixinalidade da obra, a riqueza poética, a claridade da mensaxe, o ritmo e a ortografía. O premio terá que ser invertido en un ou varios dos establecementos do concello de Castroverde, é dicir: comercios, bares-restaurantes, hostais, casas rurais, ou de calquera outro tipo. A xustificación realizarase no concello de Castroverde presentando tickets ou facturas.

Castroverde abre o prazo de solicitude para o campamento de verán

O Concello de Castroverde pon a disposición dos seus veciños o campamento de verán para este ano 2022. O obxectivo principal é ocupar o tempo libre a través de aprendizaxes deportivas, educativas e recreativas ademais de favorecer as relacións sociais e persoais.

As actividades terán lugar durante os meses de xullo e agosto no pavillón polideportivo, na área recreativa Veigo do Olmo, nas piscinas municipais e outros lugares.

As inscricións realizaranse nas oficinas do Concello de 9.00 a



14.00 horas. O prazo para presentar as solicitudes rematará o 15 de maio. O custe por cada neno será de 120 euros ao mes. Os nenos que leven empadroados no municipio de Castroverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do concello do 50% polo que neste caso a inscrición por cada neno custaría 60 euros.

O horario das actividades será de luns a venres dende as 8.00 a 14.00 excepto os festivos. Entre as actividades que se levarán a cabo están os obradoiros de inglés.

O PP recolle queixas veciñais en relación cos sumidoiros

“O socialista José María Arias, segundo parece, non é consciente da necesidade de mellorar aquilo que está mal, e que, para corrixilo, na maior parte dos casos, esixe máis vontade política que recursos”. Así o indica o portavoz popular, Rubén Otero.

“Se o alcalde escoitase aos veciños, sabería que hai queixas porque en moitas rúas hai sumidoiros que están atrancados e, cando chove, provocan moitas molestias”, sinala Otero. Engade: “Que este problema existe, pode comprobalo o alcalde cando queira, só ten que dar unha volta pola vila e fixarse. Se non o fixo ata agora, debe facelo, e se comprobou que existe o problema e non fixo nada para corrixilo, pois está clara a



súa falta de interese polas cousas de Castroverde”.

Por outra banda, quéixase do sinais, de tráfico, “ademais de escasos, presentan un xeralizado mal estado, que nalgún caso, máis que facilitar unha lectura correcta do que prohiben ou indican, só é posible intuilo”.

Entregan á veciñanza trampas e líquido contra as velutinas

O Concello de Castroverde vén de informar que, en prol de colaborar coa veciñanza para frear o avance da vespa velutina, porá a disposición de quen así o desexe, trampas e líquido atraente de forma gratuíta para frear a súa expansión. En especial, esta iniciativa vai dirixida a aqueles que poidan verse máis afectados por esta praga como poden ser os apicultores da localidade.

Todos aqueles interesados en adquirir unha destas trampas deberán acudir a recollelas ás oficinas do Concello, entre as 8.30 e as 14.30 horas de luns a venres. Unha vez esgotadas as unidades de líquido poderán solicitarlo de novo ao concello ata esgotar as existencias.

palas de rei

Altri instalará a súa biofábrica de produción de fibras naturais

A empresa portuguesa Altri comunicou hoxe que a localización ideal para a biofábrica de produción de fibras naturais será finalmente no Concello de Palas de Rei, na Comarca da Ulloa.

A elección deste emprazamento, estratéxicamente situado no centro xeográfico de Galicia e que podería supoñer un novo dinamismo económico, seguiu estritos criterios técnicos, a saber, ambientais, hídricos, de proximidade ao bosque e de acceso a vías de comunicación.

A pesar de que os deputados, alcaldes e a Mancomunidade de Concellos da Mariña instaron ao goberno galego a que propiciaran que a empresa de fibras téxtiles se instalara na comarca da Mariña, os responsables da factoría portuguesa decidiron escoller o centro da provincia para o seu novo emprazamento.

A biofábrica, que se construíra desde cero en colaboración con Impulsa Galicia, un consorcio público-privado de dereito español, ocuparía case 500 hectáreas, tendo Altri xa garantido o acceso aos terreos necesarios para a súa posta en marcha. Ademais xerará 1.500 postos de traballo directos e outros miles de indirectos. Esta unidade estaría equipada coas mellores tecnoloxías e espérase que teña capacidade para producir ao redor de 200.000 toneladas anuais de fibras téxtiles de base celulósica, comezando inicialmente coa produ-



ción de aproximadamente 60.000 toneladas de lyocell.

Esta biounidad industrial sería capaz de abastecer á agrupación industrial téxtil do Noroeste da Península Ibérica, contribuíndo ao fortalecemento da economía circular e á descarbonización dun importante sector económico como é o téxtil.

Este proxecto, que podería alcanzar un investimento duns 750 millóns de euros, enmárcase naturalmente no programa Next Generation EU e o Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia de España, no contexto do Proxecto de Xestión Sostible dos Bosques Galegos.

ESTUDO AMBIENTAL. As entidades ADEGA, SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural), SGO (Sociedade Galega de Ornitoloxía), o Grupo Naturalista Hábitat e a AGCT (Asociación Galega de Custodia do Te-

ritorio) advertiron esta mañá “dos graves impactos ambientais” que a instalación da factoría de fibras téxtiles da multinacional Altri podería provocar na comarca da Ulloa.

A fábrica, que se dedicará a crear Lyocell ou Tencel, unha fibra téxtil elaborada a base de restos vexetais, obterá a súa materia prima da madeira do eucalipto. A

Critican as grandes cantidades de auga que a fábrica precisa. “O volume de auga mínimo preciso para producir unha tonelada de Lyocell supera os 1.500 m3 abeirando os 2.500 m3. Segundo informacións de prensa, Altri prevé que a planta producirá 200.000 toneladas de Lyocell ao ano, ou o que é o mesmo, que consumirá anualmente case 500 millóns de m3 de auga”.

Estas entidades ecoloxistas cuestionan o lugar onde se extraerán esas cantidades de auga.

A Deputación mellorará a estrada que comunica con Lugo

A Deputación de Lugo mellorará un novo tramo da estrada provincial LU-P-2901 que comunica os concellos de Lugo e Palas de Rei cun investimento de preto de 350.000 euros. O proxecto inclúe o acondicionamento de 8 quilómetros, que afecta ao treito da vía entre os concellos de Lugo e Guntín, do punto quilométrico 5,5 ao 13,1.

Os traballos consistirán na reapertura de cunetas, pavimentación e sinalización horizontal

con marcas reflexivas brancas e o prazo de execución é de 9 meses. Unhas obras que completarán ás que a institución provincial está acometendo entre os quilómetros 21,3 e 25, cun investimento de 175.000 euros, e ás que levou a cabo o pasado ano noutro tramo, entre os quilómetros 3,3 e 5,4, con 85.000 euros.

A Xunta de Goberno provincial acaba de aprobar a adxudicación dos traballos á empresa Francisco Gómez y Cía SL.

Palas de Rei conxela a taxa de lixo para este ano

O Concello de Palas de Rei conxela a taxa de lixo para a anualidade 2022. O goberno local palense, tamén está a aplicar bonificacións do 10% no recibo en virtude do acordo de compromiso de reciclaxe con Sogama.

Con esta e outras medidas no ámbito do reciclaxe, Palas de Rei seguirá a ter un dos recibos de lixo dos máis económicos de Galicia.

Ademais, tamén manterá a bonificación no imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) ós tractores e apeiros agrícolas. A bonifi-

cación, que incluso chega a alcanzar o 100% na maioría dos casos, aplícase ós preto de 1.000 tractores agrícolas/forestais domiciliados no municipio. Esta medida, repercute moi positivamente no sector agropecuario palense, donde a maioría das explotacións contan con varios vehículos deste tipo, elo tradúcese, nun aforro para este sector de preto 80.000 euros.

O alcalde, Pablo Taboada, destacou a “importancia da medida, nun momento especialmente complicado, onde os custos están disparados”

portomarín

A Deputación abre o proceso para adxudicar o Club Náutico

A Xunta de Goberno aprobou a apertura do procedemento de concorrencia pública para adxudicar por concurso a explotación do Club Náutico de Portomarín, de titularidade provincial. O prezo mensual fixado é de 300€, é dicir, 3.600€ ao ano. A Deputación avaliará para a súa adxudicación o prezo ofertado polas empresas, os investimentos en equipamento propostos para as instalacións, e a memoria técnica e xestión empresarial presentada. A concesión é por dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas máis dun ano cada unha. Farase unha concesión demanial, o que significa que o gañador ou gañadora do concurso terá o aproveitamento privativo e



temporal destes bens.

Antes de abrir este procedemento, a institución completou unha serie de obras de mellora das instalacións por un importe de preto de 40.000€ e que consistiron na reparación e

limpeza do tellado, na reposición dalgúns elementos da fachada e no acondicionamento dos baños, que se ampliaron e se dotaron de accesibilidade. Tamén se habilitou como almacén un espazo no semisoto.

Presentarán alegacións ao anteproxecto de Lei de mobilidade sostible

Palas de Rei amosa o seu profundo rexeitamento ao anteproxecto de Lei de mobilidade sostible por consideralo moi negativo para os concellos rurais e do interior de Galicia. “Neste anteproxecto, o executivo central pretende eliminar varias paradas en certos concellos galegos que están a prestar un importante e necesario servizo a cidadanía. O alcalde de Palas de Rei, un dos concellos afectados, Pablo Taboada, amosa o seu profundo malestar ante esta medida que pretende eliminar paradas de bus nas liñas estatais que discorren polo municipio. Traslada, a súa vez, a súa total disconformidade con esta actuación, xa que segundo califica, é un atentado contra os concellos do rural”, din.

O alcalde palense, amósase preocupado coa liña que discorre entre Lugo e Santiago e que, con esta decisión do goberno central, suprime paradas en Palas de Rei, Melide e Arzúa. Liña, que está a prestar un importante servizo ós veciños/as destas localidades, pero tamén, ós estudantes e os múltiples peregrinos que visitan a zona. O rexedor, amosaba a súa total indignación con esta decisión, a vez que, expresaba que “de nada serve que dende os Concellos traballamos e nos esforcemos polo rural, si dende o Goberno de España se eliminan continuamente servizos básicos e necesarios para o rural, como este”.

O Concello presentará alegacións a este anteproxecto normativo.

DEPUTACIÓN

Organizan en maio 16 rutas gratuítas polo patrimonio románico

Arranca a segunda edición do programa de actividades gratuítas que a institución provincial porá en marcha con motivo do Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio.

Tras a boa acollida do pasado ano, a institución decidiu reeditar a iniciativa ampliando a programación de actividades, que nesta ocasión inclúe 16 rutas polo patrimonio románico da provincia durante cinco xornadas: os días 7, 8, 9, 14 e 15 de maio. Cada itinerario conta cun máximo de 25 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 400 prazas, catro veces máis que a edición pasada. Todas as actividades estarán dirixidas por un guía oficial de turismo.

O presidente subliñou que o ano pasado, “en apenas cinco días es-

gotáronse as 112 prazas ofertadas e moitas das de reserva”, polo que “decidimos reeditar e ampliar esta iniciativa, que forma parte das actividades que poñemos en marcha dende a Deputación de Lugo tras conseguir no ano 2020 o ingreso na Rede Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo”.

As inscricións poderán facerse na web <http://inscripciones.deputacionlugo.org> dende hoxe, ata dous días antes das actividades ou ata completar aforo. Para máis información, as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico romanico@deputacionlugo.org.



Volven as actividades de turismo deportivo Actívate

Xa está en marcha a segunda edición do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofrecerá en 26 concellos da provincia durante as fins de semana de abril a xullo actividades gratuítas para todos os públicos vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kaiak, vela, trekking, escalada ou equitación.

O mandatario provincial estivo acompañado na presentación do acto, celebrado no entorno do río Rato, pola Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e por alcaldes e alcaldesas de municipios que acollerán estas actividades.

“Esta iniciativa tivo unha gran acollida o ano pasado, na súa primeira edición, durante a que se acabaron as prazas rapidamente”, explicou o presidente, e “estes bos resulta-

dos leváronnos a tomar a decisión de repetir o programa, pero, neste caso, máis amplo, porque pasamos de dous a tres meses de duración, e de organizalo en 18 concellos a facelo en 26”, explicou.

A programación inclúe 26 actividades que se desenvolverán noutros tantos concellos de toda a provincia. Son todas propostas ao aire libre, en plena natureza, como por exemplo, sendeirismo, surf, piragüismo, kaiak, vela, trekking, escalada ou equitación. “Estas son só algunhas das alternativas, pero haberá moitas máis, que servirán para desfrutar do noso mar, da montaña, dos nosos sendeiros, dos monumentos e dos ríos dun xeito diferente”, subliñou.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse na páxina web <http://inscripciones.deputacionlugo.org>. Para máis información, poden

enviar un correo electrónico a activa@deputacionlugo.org ou chamar ao teléfono 982 260 235. As inscricións ás actividades abriranse progresivamente todos os venres, cunha semana de antelación, ata completar o calendario.

Cada unha das actividades ten unha capacidade limitada, pero a maioría será para entre 15 e 20 persoas. Polo tanto, no total do programa ofertaranse preto de 450 prazas. As actividades están pensadas para todo tipo de público, familias e xuventude. Para cada actividade especificarase cales son os requisitos mínimos en función da dificultade, idade máis axeitada ou indumentaria para poder sacar o máximo proveito a cada unha das propostas. En todas e cada unha das actividades haberá un guía ou monitor especializado encargado de dirixir e coordinar o grupo.



Tomé Roca reivindica o papel das deputacións para favorecer unha recuperación sostible

O secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo e presidente da Deputación, José Tomé Roca, participou en Granada na xornada *Gobiernos provinciales en la recuperación*, organizada polo PSOE. Un acto no que participaron entre outros dirixentes a Vicesecretaria Xeral do PSOE, Adriana Lastra, o secretario de Organización, Santos Cerdán, así como alcaldes, presidentes de deputacións e cargos orgánicos a nivel estatal.

Tomé Roca incidiu na importancia de promover e de participar neste tipo de encontros políticos “xa que aquí podemos facer unha posta en común da nosa xestión e dos nosos proxectos de futuro, e ao mesmo tempo coñecer outras iniciativas in-

teresantes para a nosa provincia e que se impulsan noutras partes de Estado”, explicou.

Os municipios e a actividade rural, a reforma laboral nos gobernos locais e a xestión dos fondos europeos foron as mesas de traballo en torno ás que xirou o encontro socialista, no que se evidenciou a importancia do traballo das deputacións para favorecer unha recuperación sostible, e para vertebrar e dinamizar un territorio. “Tanto os concellos como as Deputacións son as primeiras entidades ás que se achega o cidadán para obter solucións, por iso é tan importante estar preparado para responder con eficacia, solvencia e axilidade,” sinalou o dirixente.

Abre a inscrición do Reiníciate

A Deputación de Lugo xa ten aberto o prazo de inscrición no programa de formación e emprego de persoas desempregadas de longa duración Reiníciate, encamiña o teu futuro, que impulsa coa colaboración da Escola de Organización Industrial (EOI) co dobre obxectivo de favorecer a inserción laboral deste colectivo e nutrir de man de obra cualificada a sectores con demanda, como o do viño ou o sociosanitario.

O programa, dotado con 355.000€, constará dunha parte de formación gratuíta en aqueles sectores con alta demanda de persoal capacitado, e doutra parte de formación práctica. Ademais, establécense tres zonas de actuación para impartir as formacións, que comezarán a finais de abril: a zona norte (Burela); a zona sur (Monforte de Lemos); e a zona centro (Lugo). Poderán acollerse a

este novo programa un total de 120 persoas, sen límite de idade, que acrediten levar un ano, como mínimo, inscritas no Servizo Público de Emprego.

Todas as persoas participantes acadarán a capacitación básica e clave para acceder a un posto de traballo cualificado, o que permitirá a aquelas que carezan de formación mínima -graduado escolar ou ESO- acceder a capacitacións profesionais. As formacións realizaranse enfocadas a sectores con alta demanda, como a atención sociosanitaria, os idiomas ou a viticultura. Neste último a formación práctica poderá ser en adegas, e, posteriormente, crearanse bolsas de emprego á que empresarios e empresarias poderán acudir para contratar a persoal capacitado. Este novo plan de formación e emprego favorece a inserción laboral

destas persoas, que teñen especiais dificultades para encontrar traballo, e, ao mesmo tempo, facilita que diferentes sectores profesionais poidan nutrirse de man de obra cualificada.

Este programa provincial súmase ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa e o Reiníciate: enfoca o teu futuro, ambas iniciativas que a Deputación ten en marcha xunto coa EOI. O primeiro, un programa de formación e de asesoramento personalizado que se ofrece ás empresas da provincia de Lugo de maneira totalmente gratuíta para axudarlles a aproveitar os recursos das novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. O segundo, unha iniciativa que ten como obxectivo favorecer a inserción no mercado de traballo da xente nova da provincia dándolle formación gratuíta e prácticas remuneradas en empresas.

Coñece a túa provincia coa Deputación

Preto de 800 veciños e veciñas da comarca de Lugo participan nas viaxes do programa de impulso turístico



Á esquerda, o asociación de veciños Rúa Alta de visita en Chantada e, á dereita, o Club Cultural Valle Inclán e a de Peizal-Outeiro-San Vicente de Pedreda no santuario do Cebreiro

Preto de 800 veciños e veciñas de corenta asociacións da comarca de Lugo participan na segunda edición do programa de viaxes gratuítas da Deputación de Lugo Coñece a túa provincia, do que se beneficiarán máis de 3.000 persoas de 135 asociacións e colectivos lucenses esta temporada. Ademais, moitos colectivos doutras comarcas escolleron os municipios de Castroverde, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Friol, Portomarín, Guntín e Rábade como destino para pasar esta xornada redescubriendo os concellos da costa lucense.

Nesta segunda edición os usuarios e usuarias viaxarán en dúas quendas que permitirán coñecer a provincia na primavera, ata o 30 de xuño, e en outono, de setembro a novembro.

Nesta primavera participan colectivos da cidade de Lugo: a asociación provincial de Amas de Casa e de consumidores Lugo Lucus, a asociación veciñal Peizal-Outeiro-San Vicente de Pedreda, asociación Rúa Alta, o Club cultural Valle Inclán, a asociación do cuarto ciclo do Campus de Lugo da USC, a asociación senior de Telefónica de Lugo, a asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias de Lugo, a UXP-UGT Lugo, asociación lucense de esclerose múltiple, a asociación de nenos e nenas con diabetes de Galicia, a asociación de prexubilados e xubilados Xubilia Lucus, a asociación de Santa

Cristina de San Román de Lugo, a Federación provincial Avanza de Lugo, asociación veciñal San José Polvorín das Gándaras, asociación Prestancia de Lugo, asociación de pensionistas y jubilados Lucus Augusti, Alume Saúde Mental, Auxilia Lugo, asociación E-deidades para a integración laboral e social da Muller, asociación Orfeón Xoán Montes.

Para o outono, da cidade de Lugo viaxarán máis de dez asociacións: Alcer, Mulleres Empresarias da provincia de Lugo, Kertix asociación cultural de recreación histórica e promoción turística, veciños de Alexandre Bóveda Parada, a federación de veciños de Lugo Lucus Augusti, a veciñanza de Hombreiro Río Miño e a aso-

ciación de veciños, comerciantes e industriais da Milagrosa. Pola súa banda, do resto de municipios da comarca de Lugo viaxarán na primavera e no outono a APA do Colexio Otero Pe-

O programa Coñece a túa provincia beneficiará a 3.000 persoas de 135 asociacións e colectivos lucenses

drayo, de Rábade; os usuarios do centro cultural Penas de Rodas, a asociación Viandantes do Ca-

miño Primitivo ou Ovetense, a asociación cultural O Cruceiro e a asociación Ríos Miño e Ladra de Martul, de Outeiro de Rei; a asociación Besol e asociación de veciños San Esteban de la Mota, de Guntín; tamén as asociacións de veciños de Cela-Ponte de Neira e Os Cinco Ríos, do Corgo; e a asociación de Vilar Vilaxuste, de Portomarín.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que a reedición deste programa, incluído no Plan de Impulso da Economía da Provincia que lanzou a Deputación, “ten como obxectivo seguir favorecendo o coñecemento da provincia entre os propios veciños e veciñas, e apoiar a actividade da hostalería, do turismo e do comercio

fronte ao impacto da pandemia, ao tempo que seguimos consolidando un modelo de turismo de calidade, sostible, con capacidade para atraer visitantes ó longo do ano, que pon en valor o patrimonio e que mantén e crea emprego, sobre todo no rural”.

A primeira parada de cada viaxe realízase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Produción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

A institución provincial recibiu 170 solicitudes durante o período de inscrición, das que foron admitidas 135 seguindo a orde de inscrición ata completar as prazas dispoñibles, tal e como sinalan as bases. Ademais, aceptáronse 32 entidades que entraron na listaxe de agarda.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas serán realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.



Presentación do evento ás Amas de Casa e Consumidores de Lugo

DEPORTES

A Comercial súmase ao Polvorín e tamén ascende de categoría

A Comercial, o equipo de fútbol lucense, con sede no barrio das Gándaras, sumouse onte á ledicia do Polvorín, ao conseguir o ascenso á Segunda autonómica tras un disputado encontro cos vilalbeses Catro Roldas no campo da Canteira, en Vilalba.

O partido da segunda fase de ascenso da categoría arrancou no minuto 17 cun gol de Ivan, ao que os locais responderían no 37' cun tanto marcado por Samuel. Non foi ata o minuto 65 cando os lucenses acadaban o gol, tamén de Ivan, que lles daba o triunfo e o ascenso a Segunda.

SEGUINDO OS PASOS DO POLVORÍN. Os lucenses seguiron a estela marcada o pasado 24 de abril polo

Polvorín, equipo filial do CD Lugo, acadando un histórico ascenso a Segunda RFEF tras medirse ao Viveiro CF na última xornada da liga regular disputada no campo municipal de Pol.

O Polvorín abría as boas xogadas cun gol no minuto 19 da man de Alejandro Ramos, que seguían moi de cerca os mariñans metendo un tanto Arturo Calvo tan só tres minutos despois. Remataba o cotnador David Rojo, no minuto 56 anotando un gol que lle daba a vitoria aos lucenses.

Un importante parón no partido pola lesión e substitución do árbitro Martínez Barral serviu para enxugar as forzas dos seareiros lucenses ao coñecer, antes de rematar o encontro, o resultado do

Ourense – Vilalbés, clave no ascenso do Polvorín.

Noutro senso, o CD Lugo informou que os xogadores do filial, Castrín, Leandro, Idrissa e Fidalgo, formarán parte das sesións de adestramento do primeiro equipo da entidade durante as semanas que quedan de competición oficial.

Na mesma liña, comunicaron tamén que o Polvorín continuará coas súas sesións de traballo mentes que non remate o calendario de competición do CD Lugo coa previsión de que o filial conte nos seus adestramentos coa participación de futbolistas a proba para a súa valoración por parte da Dirección e do corpo técnico do equipo.



Aberto o prazo para o curso de navegación e copilotaxe 4x4

O Concello abre á mocidade lucense o prazo de inscrición do curso de navegación e copilotaxe 4x4.

O curso desenvolverase en dúas sesións no Polígono do Ceao, a primeira terá lugar os días 6 e 7 de maio, e a segunda o 17 e 18 de xuño. O obxectivo é desenvolver unha actividade na que os alumnos despois de recibir a pertinente instrución en canto a condución 4x4 e navegación, desenvolvan un roteiro de navegación 4x4 por distintas paraxes das proximidades da cidade de Lugo, explicou o edil, quen incidiu que son actividades que requiren toda a atención e concentración, e ao mesmo tempo que entusiasman sen necesidade de buscar falsas alegrías ou emocións a través de substancias psicoactivas nada recomendables.

O curso terá unha parte teórica de

4 horas onde se explicarán os contidos didácticos para desenvolver unha navegación en vehículos 4x4 e nocións de navegación con rumbos e coordenadas UTM, así como dos rutómetros utilizados neste tipo de probas.

A parte práctica consistirá nun roteiro de navegación “secreta”, onde os alumnos en grupos e en vehículos 4x4, durante 4 horas completarán un roteiro, validando puntos de ruta, navegando e copilotando con rutómetros dixitais e sistemas de navegación utilizados neste tipo de probas.

A inscrición, que se realizará a través da web lugomasxti.org, será por rigurosa orde e ata cubrir prazas. Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Lugo. A actividade é gratuíta e inclúe 18 prazas para cada sesión.

O último esforzo

Por Adrián Fernández

Chegamos ao final da tempada co obxectivo cumprido e con posibilidades de acadar algo máis, e pese ás baixas por qué non desfrutar e soñar con conseguilo.

Despois de dous partidos moi intensos viaxábamos a Tenerife coa baixa de Mahalbasic, unha perda moi sensible pola importancia que ten Shermanidi no equipo canario. Aínda que Sakho, pese aos problemas coas faltas, e Jankovic supliron ben a Rasid o equipo estivo atascado amarrándose ao marcador como puido ata que no terceiro cuarto Salin encadeou catro triples que racharon o encontro; ó final 96-78 para o Tenerife.

Volvíase a Lugo a xogar o aprazado contra Manresa, un rival en racha que viña de conseguila clasificación para a final a catro da Champions League de baloncesto dous días antes, e tiñamos que aproveitar a oportunidade. Manresa saíu a tope coma sempre pese ao cansazo e a defensa dos Breogán non podía frear ó equipo catalán, que collía vantaxe e chegaba aos 30 puntos no primeiro cuarto, pero o aumento da intensidade do equipo e varios triples no final do segundo levábanos ao descanso por diante. Na segunda parte o Breogán mantivo o ritmo e conseguía controlar o marcador pese aos arreóns do equipo visitante pero aínda así Manresa tivo a posibilidade de gañalo encontro nos últimos minutos; vitoria importante para o

Breogán por 98-94 nun partido moi duro no que os árbitros víronse superados pola presión en todo momento e que rematou coa peor noticia de todas que era a operación de urxencia de Dzanan Musa por unha fractura na tráquea, algo que colleu por sorpresa a todo o mundo porque o golpe sufriuno no segundo cuarto pero puido rematalo encontro e ser o líder do equipo ata o final do partido coma sempre; a operación saíu ben pero por desgraza perderase presumiblemente o que queda de tempada.

Tres días despois tocaba ir a Madrid pero pouco hai que falar deste partido, o cansazo do encontro anterior e o pouco tempo para adestrar e adaptalos novos roles do plantel pola baixa de Musa fixo imposible competir contra o Real Madrid e o Breogán víuse superado en todo momento, 90-65 para os locais.

Os partidos aprazados e a intensidade de moitos deles comezaban a notarse no equipo, moitos minutos para algúns xogadores producía outra baixa, a de Bell-Haynes, por unha pequena rotura no xemelgo, xusto antes de enfrontarse na casa contra o Zaragoza. Isto traducíase en máis protagonismo para Erik Quintela e Ubal os que non lles podemos poñer ningunha pega ao seu rendemento pero fainos depender en exceso de Kalinoski e Lukovic en ataque; aínda así puidemos gañar un partido pesado que só o acerto de Kilpatrick no tiro exterior no último cuarto

desequilibró o marcador para os visitantes, derrota na casa por 82-85. Coa moral un pouco baixa viaxábase a Gran Canaria dada a situación do clube; o Breogán tratou de demostrar dende o principio que aínda non estaban de vacacións comezando o encontro moi forte, pero axiña os canarios recuperaron a dianteira no marcador. Os locais trataron varias veces de escaparse no electrónico pero, gracias a Kalinoski y a un inspirado Iván Cruz, os breoganistas conseguían recortar distancias, xa no último un parcial de 2-12 para os de Lugo poñeríanos por diante e metería o medo no corpo ao Gran Canaria, despois de varios cambios de liderato no marcador chegaría a canasta definitiva que metía Erik Quintela para darlle a vitoria ao Breogán, demostrando así que pese ás baixas loitaremos ata o final pola última praza dos play offs.

Agora xa só queda desfrutar dos tres partidos que nos quedan, dous na casa contra o Barcelona e o Unicaja, e un fora en Fuenlabrada, todos eles xa coa noticia da renovación de Mrsic como adestrador para o ano que ven, que si ben pode dicirse que chegou cun equipo feito, si que hai que recoñecerlle o mérito de manter o nivel competitivo e de ser capaz de mellorar o rendemento de xogadores menos utilizados con Paco Olmos.

Non hai nada decidido e poderemos soñar expertos ata o último día.

Dez Portas organiza un torneo de tenis de mesa en Frigsa

A casa do deporte de Lugo acollerá o vindeiro día 17 de maio, alén das Letras Galegas, un torneo de tenis de mesa organizado polo Club Deportivo Dez Portas de Tenis de Mesa

Este torneo, que chega a súa cuarta edición, dará comezo ás 10.00 horas e incluírá como novidade dúas competicións diferentes para xogadores federados e un torneo para afeccionados, para dar a oportunidade de participar a todos os que queiran.

A inscrición é de balde e estará aberta ata o mércores 11 de maio ás 21.00 horas e para formalizala haberá que mandar un correo electrónico dezportas@hotmail.com ou un WhatsApp ao número de teléfono 626 343 360.

A relación de xogadores inscritos publicárase na páxina web do Club, Facebook e Instagram e enviarase por correo aos clubs con xogadores inscritos, e enviaranse individualmente



aos afeccionados. Cando as inscricións sexan definitivas, os grupos do torneo publicaranse en devanditos medios. Esta proba deportiva contará con trofeos para os catro primeiros clasificados do Torneo Federado e medallas e agasallos para os 4 primeiros do Afeccionado .

“En total temos uns 125 deportistas en 7 categorías”

Entrevista a Jacobo Gómez, presidente da ADC Sagrado Corazón

Como naceu o club?

É un club que coñezo porque me criei no barrio do Sagrado Corazón e no cal de pequeno tamén fun xogador. Foi creado como un club de barrio para acoller as necesidades da zona e para que a xente practicara deporte. Naceu no ano 1965 e na súa historia houbo xogadores que debutaron no club e que chegaron incluso ao fútbol profesional. Dende hai uns anos, o club está centrado no traballo de base, na canteira. Desde a categoría biberón ata a xuvenil. No club, principalmente, temos moitos rapaces, nenos e nenas do Sagrado Corazón, Paradai, As Gándaras, pero tamén do resto de barrios da cidade e incluso de Portomarín.

Como sobrevive un club destas características?

Somos un club pero tamén somos unha empresa porque todos os nosos adestradores están contratados e queremos dignificar e darlle o valor que teñen os adestradores como unha profesión máis. Sobrevivimos e cuadramos os nosos orzamentos a través das cotas que aportan os familiares dos xogadores, pero tamén co apoio das institucións e as empresas colaboradoras. Contamos con dez empresas que patrocinan e colaboran co club.

Que deportes ofrece?

Fútbol base desde os 4 ata os 18 anos. Desde a categoría biberón ata xuvenil.

Tedes pensado ampliar a oferta de deportes ou de idade?

Si que é verdade que no pasado este club sempre tivo unha categoría senior xogando en categorías autonómicas e, fai uns sete anos, tomouse a decisión de non seguir co equipo senior xa que carrexaba moito gasto para o club. Decidiuse desfacer esa categoría para reunir todos os esforzos na canteira e ofrecer servizos materiais e de traballo para mellorar a estrutura da canteira. Algún día gustaríanos retomar a categoría senior pero sabemos que é unha categoría custosa que carrexaría máis patrocinios.

Como se presenta esta tempada?

As tempadas deportivas comezan en agosto coas pretemporadas en fútbol-11. A partir de aí o fútbol-8 soe empezar en setembro. Estas tempadas van moi ligadas aos cursos escolares. Son case 10 meses de temporada deportiva e xogan competicións oficiais e a maiores os torneos, dous que organizamos nós

e outros que nos ofrecen diversos clubs. Isto supón unha cantidade importante de partidos ao ano.

Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

Somos un club humilde e que intenta facer ben as cousas. Os nosos obxectivos son a formación tanto do deportista como da persoa. Insistimos moito nisto, temos un gran contacto coa familia. Temos unha estrutura importante de adestradores cun responsable e coordinador deportivo á cabeza, e tamén recuperador de lesionados, preparador físico, preparador de porteiros, etc. Isto da soporte ao noso obxectivo que é a formación dos rapaces nos distintos ámbitos. Ademais, traballamos en que as familias estean a gusto no club e que os nenos disfruten do deporte, dos adestramentos e dos partidos.

Cales son os valores fundamentais do club?

Nós fomentamos sobre todo o compañeirismo. O deporte posúe moitos valores e queremos que todos os nosos xogadores e xogadoras aprendan deles e para iso queremos ter aos mellores recursos de adestradores posibles. Intentamos sempre que todos os xéneros que conforman a sociedade poidan formar parte do club. Temos todo tipo de familias e todos teñen cabida. Facendo especial fincapé en que non haxa discriminación por sexo, relixión, etc.

Cal é o maior logro do club?

Cando había categoría senior chegaron a estar en categoría preferente. Somos un club de formación que non se centra nos logros senón na base da vida deportiva dos rapaces. Por iso tamén impulsamos saltos que melloran este aspecto, cedendo aos xogadores cando outros clubs como o CD Lugo se fixan neles.

Cal é o maior desafío ao que se enfrontou o club?

Dende que eu entrei na Directiva hai sete anos creo que o maior obstáculo foi a pandemia, un reto moi complicado, houbo que tomar moitas medidas e precaucións. Isto materializouse con moita preparación. Nós paramos a actividade a comezos daquel marzo de 2020 e co paso dos meses e seguindo as indicacións das autoridades fomos retomando a mesma, intentando ser unha actividade segura na que as familias responderon moi ben e sempre se comunicaron moi ben co club e os adestradores.

Cantos deportistas ten na actualidade?

125 deportistas divididos nas diferentes categorías. Temos 7 equipos en competición.

Que actividades realiza a maiores dos adestramentos e competicións?

Facemos dous torneos, o de verán que está adicado ás categorías infantil, cadete e xuvenil (12 a 18 anos) e logo de 4 a 11 anos (biberón, prebenxamín, benxamín e alevín) co noso Torneo de Semana Santa. O Torneo de verán foi a 12ª edición e sole ser en pretemporada, na primeira fin de semana de setembro e veñen equipos de Lugo e A Coruña. O Torneo de Semana Santa naceu despois de ver que na cidade non había torneos de fútbol base nesa época do ano. Así, no 2019 fixemos a primeira edición e agora retomamos a actividade. Tivo lugar os pasados 11 e 12 de abril. A verdade é que tivo un gran éxito de participación, pasaron por Lugo arredor de 600 xogadores e xogadoras do mellor de Galicia.

Tamén levamos a cabo accións sociais, en decembro solemos facer recollida de alimentos e xoguetes a favor de asociacións lucenses para repartir entre a xente máis desfavorecida da cidade. Antes da chegada da Covid tamén celebrábase unha festa de Nadal e realizábase a presentación do club a principio de temporada coas familias. Temos en mente facer máis actividades sociais para chegar aos diferentes colectivos da sociedade e así fomentar o deporte e chegar a todos eles.

Como chegou a dirixir o club?

Levo toda a miña vida ligado ao deporte, estiven no Azkar Lugo Fútbol Sala durante máis de 11 anos como Xefe de comunicación e no 2015 dende a ADC Sagrado Corazón pedíronme axuda para levar o tema de redes sociais, a páxina web, organización de eventos e dalgún xeito entrar na Directiva desta entidade. Nesta última época a Directiva e o seu Presidente, Jesús Pereira, quixeron dar un relevo xeracional e asumín a presidencia. Actualmente estou colaborando no club con todo o que podo aportar, estou contento porque é o club do meu barrio, crieime no Sagrado Corazón e é unha honra poder ser parte do proxecto. É fundamental a directiva actual pero tamén o foi xente importante que pasou polo club recentemente nos últimos quince anos coma foron



Jacobo Gómez, arriba, e varios dos equipos do Sagrado Corazón

Castro, Jesús Pereira, José Ferreiro, José Flores e moitos e moitos máis xa que non deixaron en ningún momento morrer o club e fixeron cousas moi importantes polo mesmo. Agora o mundo do deporte cambiou, o de base tamén, e como decía ao comezo somos clubs pero tamén somos empresas e como tal debemos ser responsables con todo o que conleva. A Directiva actual sufriu unha modificación e a min tócame estar ao fronte pero ao final toda a Xunta Directiva son os que aportan as ideas e poñen as bases do club para que os nenos e familias estean contentos e disfruten do deporte. Gustaríame

aproveitar esta oportunidade para agradecer a todos patrocinadores e á xente que colabora co club. O obxectivo é ter unhas boas bases, que as familias estean contentas e teñan sentimento de club e de pertenza ao mesmo. Sempre na toma de decisións podemos acertar ou errar, pero o único obxectivo e formas persoas e deportistas coas mellores prestacións posibles e para iso estamos os Directivos, para acadar os recursos económicos e materiais necesario e así acadar os obxectivos plantexados e por riba de todo que este club que ten máis de 60 anos de historia siga moi vivo.

COLABORACIÓNS

O móbil nos centros educativos

O PUPITRE



Julio Díaz

España é o país con máis adicción adolescente ao teléfono móbil, cifrándose nun 21,3%, namentres a media europea se sitúa nun 12,7%. O 90% dos adolescentes de máis de catorce anos ten móbil, sendo a media de idade de inicio no seu uso de oito anos, o que demostra que cada vez máis, e a máis tempranas idades, os xoves están expostos ós perigos do uso de internet e o conxunto de riscos que conleva a utilización das novas tecnoloxías.

Todos/as sabemos que a preadolescencia e a adolescencia é un período onde os rapaces son especialmente susceptibles aos cambios e polo tanto máis vulnerables e con moitas máis posibilidades de adicción.

A prevención, como en outros moitos ámbitos da vida, resulta de vital importancia para unha loita efectiva contra o mal uso do teléfono móbil. É importante que tanto docentes como pais saibamos advertir pautas de conducta como poden ser cambios de estados de ánimo, enfado continuo cando se poñen normas no uso dos videoxogos e do móbil, o seu uso a horas intempestivas na cama, no cuarto, no baño...a baixada do rendemento escolar, o illamento dos amigos, o abandono de outras actividades. Se non se é capaz de atallar estas actitudes, as consecuencias poden ser imprevisibles derivando incluso en "nomofobia" ou medo irracional a estar sen o móbil, a non poder utilizalo e incluso "tecnofilia" ou dependencia das novas tecnoloxías. Dito isto, o móbil é unha ferramenta imprescindible na vida dos nosos alumnos polo que non introduci-lo no proceso de ensinanza-aprendizaxe sería impensable, xa que o seu uso dentro da aula con fins didácticos, incentiva a creatividade, a imaxinación e a conectividade. Eu estou a favor do uso dos terminais na aula porque é una ferramenta didáctica máis, que potencia a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado e que nos permite traballar calquera asignatura de forma dinámica e atractiva para o noso alumnado. Temos que aproveitar esta ferramenta cos alumnos/as de tal maneira que enriquezamos o proceso de aprendizaxe cun dispositivo co que os rapaces están totalmente familiarizados. As vantaxes do uso do móbil como



unha potente ferramenta de aprendizaxe son moitas: posibilidade dunha mellor organización, comunicar e traballar colaborativamente co resto da comunidade educativa, aprender mediante múltiples e variables aplicacións moitas das cales se crean só para o ámbito educativo.


O éxito da aprendizaxe co móbil vai depender da nosa capacidade para aproveitar ao máximo as súas vantaxes pedagóxicas polo que a capacitación técnica e pedagóxica do seu uso e de vital importancia, explorar aplicacións educativas e, ademais compartir as boas prácticas para que poidan ser adaptadas e melloradas en todos os contextos educativos.

Dicir tamén que ten as súas desvantaxes, entre as que destacar, o seu uso inadecuado, as distraccións, acoso a outros alumnos, grabacións... pero nos como docentes sempre temos recursos que nos permiten regularlo para dar un axeitado emprego do mesmo. Para acadar un uso exclusivamente educativo e produtivo, eque non sexa una perda de tempo, debemos establecer unhas normas que especifiquen cando imos usar os nosos terminais e con que finalidade. Xa para rematar gustárame facelo cun decálogo do que eu considero un bo uso do teléfono móbil baseado en oito sinxelas recomendacións:

- Non utilices o móbil na clase agás cando o autorice o teu profesor/a.
- Non grabes nen fotografías a ninguén sen o seu consentimento.
- Non ridiculices a profesores/as ou compañeiros/as.
- Non difundas imaxes íntimas ou ofensivas.
- Non sexas cómplice de situacións de acoso.
- Non aceptes a calquera nas túas redes sociais.
- Non creas todo o que chega.
- Sé crítico e reflexivo.
- Adica menos tempo ao móbil e ás redes sociais e máis as relacións persoais.

Por ser a sede da entidade Auxilia

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Deseño adicar a miña colaboración de maio a unha entidade que celebra, neste mes, o seu cincuenta aniversario: Auxilia. Cinco décadas de historia moi vinculada á cidade de Lugo.

Lembro que un día, cando tiña seis anos, recibimos na casa a visita dun cura, acompañado de dous mozos voluntarios que querían facer cousas con nenos coma min, é dicir, con algunha discapacidade. Ese cura foi Xesús Mato Mato quen, sabendo da existencia en Barcelona dunha entidade Internacional, que xa levaba vinte anos con sede nacional na cidade condal e que facía actividades de voluntariado con este colectivo, decidiu fundar na nosa vila unha delegación. Esta entidade que, nas súas orixes se ocupaba da formación de enfermos de longa duración en hospitais e domicilios, grazas á colaboración de profesorado voluntario, foi orientando a súa actividade cara ás persoas con discapacidade posto que se atopaban nunha situación de clara exclusión social.

Se así era en Barcelona, as circunstancias non estaban moito mellores en Lugo, todo o contrario, sobre todo no medio rural, onde o entorno era moito máis excluínte.

Para comezar, non se vían cadeiras de rodas polas rúas. Por que? Porque se atopaban grandes barreiras arquitectónicas e urbanísticas, á hora de querer saír da casa: portas estreitas, pisos sen ascensor, chanzos considerables nas beirarrúas... Todo iso mesturado con prexuízos familiares e estereotipos sociais que confinaban á persoa nunha contorna que lle impedía desenvolverse en condicións de dignidade.

Por iso, Auxilia comezou a organizar actividades de tempo de lecer e colonias de verán, contando coa acción voluntaria dun grupo de mozos e mozas, veciños da cidade, con grandes inquiredanzas socioculturais e con moitas ganas de cambiar o mundo, especialmente o que estaba máis preto deles.

Unha vez que as persoas con mobilidade reducida saían do fogar, a acción voluntaria de Auxilia en Lugo orientouse á procura do desenvolvemento persoal a través da reivindicación dun ensino

integrador e, por que non, da inserción laboral deste colectivo. Época que coincidiu coa entrada en vigor, en 1982, da LISMI (LEI DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS). Cabe mencionar a implicación na súa elaboración da que entón era a Coordinadora Local de Auxilia en Lugo: Marisol Bravos.

Dela derivarían toda unha serie de leis sobre educación, prestacións económicas e servizos terapéuticos. Por iso, Auxilia-Lugo realizou campañas de sensibilización social, xornadas informativas e actividades reivindicativas, sen deixar de lado outras máis lúdicas, como o deporte adaptado, creando a Asociación Deportiva Auxilia-Lugo (da que xa falei en colaboracións anteriores).

Ese grupo inicial de monitores foi substituído por un voluntariado máis formado, con experiencia previa noutras entidades e que sabía o que quería facer, coincidindo coa a primeira Leí de Voluntariado, a nivel estatal. Levaron a cabo actividades non só recreativas senón tamén integradoras e de participación social con nenos e nenas con discapacidades: Comparsas de Entroido, Certames de cómics para escolares da provincia, saídas recreativas-culturais...

Daquela, a xunta directiva da entidade, na que eu xa era delegada local, continuou o traballo reivindicativo en materia de accesibili-

dade, iniciado con anterioridade, pero nesta ocasión dun xeito máis xeneralizado, conseguindo a aprobación dunha ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas, de transporte e comunicación, na que se contempla a creación dun gabinete de accesibilidade, no que participei ata 2011, xunto co meu compañeiro Aquilino González.

Xa no comezo do século XXI, a entidade adáptase aos novos tempos, contratando unha traballadora social para prestar un servizo de información, orientación e asesoramento aos socios e á poboación en xeral. Despois se contaría coa colaboración dunha pedagoga e, máis tarde, dunha psicóloga.

Tras min, seguirían outros delegados, como Manuel Piñeiro e, na actualidade, Nuria Neira. Ambos con longa experiencia como voluntarios dunha entidade que, pouco a pouco, vai adaptándose ás novas tecnoloxías coa creación dunha páxina web: Lugoaccesible.net.

Na miña última etapa, dentro da directiva, ocupei o cargo de vogal de Muller, ante a discriminación interseccional que sofren as mulleres con discapacidade.

Celebráronse os vinte e cinco, os corenta e, agora, os cincuenta anos de existencia dunha entidade pioneira no seu momento e que axudou moito a transformar non só a cidade, senón tamén a mentalidade da sociedade lucense.

O RECUNCHO DE CANELINA



Volven as feiras

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

O anterior número do Terrachá facíase eco cun titular onde sinalaba citas festivas importantes da ansiada volta á normalidade, pero de verdade, non disimulada, como aconteceu todo este tempo desde aquel fatídico mes de marzo de hai dous anos, onde a cada paso que se daba tras pensar que deixabamos o bicho este atrás, a realidade volvíanos de novo ata o punto de partida.

E si, efectivamente volveron as feiras, non as que se celebran mensualmente en diferentes localidades, que xa o estaban a facer, senón aquelas por chamalas dalgunha maneira, temáticas, nas cales se promociona un produto con zona. Neste caso, foi o queixo, sendo o de Friol –aquí tamén vai incluído o pan de Ousá-, o de San Simón da Costa e o do Arzúa os que tiveron celebración, con idéntico ou incluso máis éxito cás edicións pasadas.

Lóxica a reacción da xente. Parece que foi onte, pero non, foron dous anos, vinte e catro meses de agobio, con peches de negocios, restricións, caras tapadas e unha modificación

total dos nosos hábitos e costumes. Todo se resentiu, empezando pola economía e continuando polas relacións familiares e sociais. De aí que se estime moi acertada a portada do Terrachá de marzo, xa que o retorno das feiras que durante este tempo tiveron que ser adiadas supón volver a eses puntos de encontro, onde a xente interacciona unha coa outra, nos que compradores e vendedores xogan o seu papel, dinamizando aínda que sexa por un só día a vila onde se leva a cabo. Ringleiras de coches, bares e restaurantes ateigados e unhas ganas tolas de volver disfrutar de todo aquilo que nos gustaba e que xa parecía que tiñamos esque-

cido.

Os eventos sinalados foron o punto de partida, xa que outros viñeron de contado. Así temos exemplos como a Moexmu de Muimenta, a Feira Medieval de Monforte, a do viño en Quiroga ou o cocido de Lalín –en pleno mes de abril-. En todas elas, mesmo espírito e idéntico proceder: Xente e máis xente, ávida de arrancar as caretas e ver algo máis cós ollos dos nosos iguais e tamén de consumir e gastar. E iso, a pesar de todo o que sucede alén das nosas fronteiras, con catástrofes e guerras, ou os prezos desorbitados dos combustibles e o custe da vida, cada vez máis elevado. As ganas

de troula semellan ter maior peso que as dificultades que estamos a vivir e a incertidume sobre o futuro máis inmediato. Hai que recuperar o tempo perdido.

Ogallá non haxa unha volta atrás e non teñamos que arrepentirnos, porque don Covid ten varias caras e aniquilado aínda non está.

Xa estamos na primavera e logo virá o verán con todo o que significa en canto a romerías, festas, xiras, festivos e demais. Que todo sexa para ben, sen esquecer a aqueles que peor o pasaron, sobre todo os que xa non o contan. Volveron as citas co queixo, co gando e a música. E seguirán moitas máis. Pois si.

Entre indecisos e insubmisos

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Elirix entre o malo e o menos malo. Esa foi a gran responsabilidade dos indecisos e dos insubmisos que se achegaron polas urnas o pasado 24 de abril en Francia, onde reinaba a máxima preocupación ante o avance da ultradereita; moita máis ca nas eleccións de hai vinte anos, cando a primeira rolda dos comicios supuxo unha sorpresa para moitos analistas políticos, que agardaban unha segunda volta entre Jacques Chirac e Lionel Jospin. Outros observadores xa apuntaran a posibilidade de que o socialista Jospin quedase apeado tras a primeira votación, dada a igualdade entre os principais candidatos e o alto grao de indecisos. A pobre imaxe que proxectara na súa campaña, xunto á dispersión do voto na esquerda cun gran número de candidatos, fixo posible que Jean-Marie Le Pen fora quen de enfrontarse a Chirac na batalla final. O proceso electoral recibiu daquela o cuestionamento xeral polo sistema de dobre volta (ballottage) e tamén levantou moita preocupación debido á apatía e ao xeito no que a esquerda experimentou unha fragmentación antes descoñecida.

Nesta ocasión, a división da dereita radical populista non impediu a Marine Le Pen pasar á segunda etapa das eleccións presidenciais para rivalizar co actual presidente Emmanuel Macron, con fama de arrogante e afastado dos problemas da rúa, nun proceso que contou coa maior abstención do último medio século. Como afirma o profesor Fermín Galindo, “asistimos a un enfrontamento entre a Patria (Le Pen) e a República (Macron)”. Finalmente, o candidato-presidente das mil caras ocupará o Elíseo cinco anos máis e terá que xestionar un país dividido e fondamente descontento cos seus líderes políticos. Aínda que Le Pen conseguiu o seu mellor resultado, funcionou a mobilización do chamado “escudo republicano”, que sae votar só para evitar que gañe.

Non deixa de ser preocupante o escenario actual europeo, pois a comezos de abril contemplamos a rotunda vitoria do primeiro ministro de Hungría –o ultraconservador Orbán– nas parlamentarias do país maxiar, por cuarta vez consecutiva, a pesar da unión de practicamente toda a oposición. E lembramos que a comezos deste ano tamén houbo eleccións xerais en Portugal e a porcentaxe de voto que recibiu a extrema dereita, encarnada no partido Chega, multiplicouse por cinco, superando o 7%. Até ese momento, Portugal era un



dos principais países europeos nos que a ultradereita aínda non tiña unha presenza significativa no Parlamento.

Reino Unido e Irlanda son agora os únicos territorios de Europa onde a extrema dereita é inexistente ou non ten representación parlamentaria. Outros máis pequenos –como Luxemburgo e Islandia– viven unha situación semellante. En Reino Unido, os ultras non teñen presenza na Cámara dos Comúns, en parte polo sistema electoral de maioría simple que favorece o dominio dos grandes partidos (laboristas e conservadores), aínda que tamén estean repre-

sentadas forzas políticas de menor entidade, como os liberaldemócratas e varios grupos nacionalistas.

Pola súa banda, Polonia convértese no segundo país do continente que concentra máis voto ultra (50%), que se divide entre o gobernante PiS (43%) e a suma de varias formacións radicais (7%). Séguenlle outros catro países que se moven entre o 20% e o 30%: Bélxica, Suíza, Eslovaquia e Italia. España, coa representación de Vox (15%), sitúase no posto número once de todos os países analizados. Aínda que estas formacións difiren moito unhas doutras, por exemplo

Vox e o partido independentista belga Interese Flamenco, si comparten unhas características similares que as sitúan na familia política da dereita radical populista. Destacados politólogos coinciden na súa análise sociolóxica, identificando tres grandes elementos comúns no ideario destas forzas: nativismo, autoritarismo e populismo.

Nativismo definido como ideoloxía que sostén que os Estados teñen que estar habitados exclusivamente por membros do grupo nativo e que elementos non nativos –tanto persoas como ideas– supoñen unha ameaza externa; esta concepción inclúe unha combinación de nacionalismo e xenofobia. Autoritarismo como a crenza nunha sociedade rigorosamente ordenada no que as violacións á autoridade reciben un castigo severo, e onde priman a tradición e os principios de lei, orde e moralismo convencional, pero esta visión non implica necesariamente unha actitude antidemocrática. E populismo entendido como ideoloxía que considera que a sociedade se divide en dous grupos homoxéneos e antagónicos: ‘o pobo puro’ fronte á ‘elite corrupta’, partindo da base de que a política debe ser unha expresión da vontade xeral do pobo. Na democracia populista, nada é máis importante cá esta vontade xeral, nin sequera os dereitos humanos ou as garantías constitucionais.

LUGOXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

Teléfono 661 464 323

redaccion@lugoxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Baleira: Ruta Fontaneira

Un roteiro inmerso na natureza e con moitos elementos singulares no seu percorrido, dunha gran beleza paisaxística

Baleira é un municipio de media montaña que ofrece unha gran beleza paisaxística. Posúe varios roteiros de sendeirismo moi ben coidados e sinalizados que discorren por contornas moi variadas. Os camiños que forman o Roteiro da Fontaneira son camiños que se utilizaban polos veciños outrora para abastecerse dos recursos naturais ou para comunicar asentamentos. O itinerario, de carácter circular, partirá desde a igrexa da Fontaneira, pasando pola Cova dúas Mouros ata chegar ao lugar de Suagrande. Un dos tramos do carreiro que se pretende recuperar é o antigo camiño que utilizaban os nenos de Estornín e arredores para ir ao colexio que se atopaba no núcleo da Fontaneira. A Cova dos Mouros está situada a pouco máis dun quilómetro da aldea baleirense de Fontaneira. Trátase dunha cavidade duns 20 metros, en cuxo interior se localizaron un total de once representacións pictóricas, aínda que non se descarta que poida haber máis. Trátase de motivos compostos por agrupacións paralelas de semicírculos, aínda que tamén se observan barras verticais e,

quizais, algunha representación antropomorfa. Os estudos realizados conclúen que este conxunto de pinturas rupestres poden supoñer un exemplo singular da denominada pintura esquemática, cuxa cronoloxía se sitúa xenericamente entre os anos 5000 e 1000 antes de Cristo, é dicir, entre o Neolítico e a Idade de Bronce. Outros dos elementos singulares que se poden atopar no percorrido do carreiro son os muíños de Penas e Estornín. Despois de deixar atrás Suagrande, síguese co descenso ata chegar ao rego de Cubilledo, no que se enclavan dous muíños, os coñecidos como o de Penas e o de Estornín. Neste tramo sortéase o rego, por un antigo paso que acondicionará mediante a instalación dunha nova pasarela, para meternos de cheo nun bosque de antigos carballos, coñecido como O Carballal, por onde se percorren uns 1.700 metros ata saír ao camiño de Penas desde o que se chegará ao núcleo de Estornín.



DATOS



3 h 20 min.



10,12 km.



Dificultade media


Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas

CURSOS GRATUITOS para desempleados y activos en sector turismo







AVECUS
Río Nalla, 48-50 Lugo
Telf. 982 817 561 info@avecus.es
www.avecus.es